



EXMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BAIONA**

**CELEBRADA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2016**

**ALCALDE-PRESIDENTE:** D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA

**CONCELLEIROS:** D<sup>a</sup>. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS  
D. POLICARPO VILAR MISA  
D. JOSE ANGEL BAHAMONDE RODRÍGUEZ  
D. RAUL COSTAS LAFUENTE  
D<sup>a</sup> BEATRIZ GONZÁLEZ PÉREZ  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> DEL CARMEN PAREDES CABRAL

D. RAFAEL LORES ROSAL  
D. CARLOS GÓMEZ PRADO  
D<sup>a</sup> VIRGINIA SANTOS CABRERA  
D<sup>a</sup> LAURA MIGUEZ PÉREZ

D. IAGO PEREIRA MOREDA  
D. XOSE MANUEL MARCOTE GIL

D. SILVANO MONTES SÁNCHEZ  
D<sup>a</sup> AROA DOMÍNGUEZ PARDIÑAS

**NON ASISTÍU:** D<sup>a</sup>. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ

**SECRETARIA MUNICIPAL:** D<sup>a</sup>. SUSANA GALLARDO FARIÑA

Na Casa Consistorial de Baiona, a dez de novembro de dous mil dezaseis, sendo as doce horas reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión, disculpando a ausencia no Pleno de hoxe da concelleira do PP Dña. Ana Simons, por motivos persoais, así como á da interventora Rosa del Riego. Procédese ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR.**

**Acta da sesión ordinaria de data 6 de outubro de 2016.**

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta; non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade a devandita acta.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o último Pleno ordinario cuxa relación foi entregada ós/ás concelleiros.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO.**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, quen procede á lectura do seguinte:

"A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (ACEBA) se solicita ao Concello de Baiona a modificación da Ordenanza reguladora de Terrazas en vía pública para a súa adaptación á Lei de Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

En data 7.07.2016 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público en substitución da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública aprobada polo pleno da corporación en data 04.04.2013 e que segundo o artigo primeiro ten por obxecto << a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de dominio público (vía pública, espazos libres, zonas verdes) e terreos de titularidade privada e uso público dentro do termo municipal de Baiona. A ocupación de terreos de titularidade privada e uso público con terrazas, queda sometida á presente Ordenanza, agás no referido ao abono de taxas que se rexirá pola Ordenanza fiscal >>

O expediente someteuse a período de exposición ao público polo prazo de 30 días contados dende o día seguinte a publicación do anuncio no BOP número 143 de data 28 de xullo de 2016. Asemade publicose na páxina web do Concello. Durante o prazo de exposición ao público presentouse unha alegación suscrita por Dna. Virginia Prado Herreras fundamentándose no seguinte:

1. Nulidade de pleno dereito da Ordenanza por concurrencia de desviación de poder na actuación da Administración.
2. Determinacións concretas que derá contener a Ordenanza municipal relativa a suxerencias/reclamacións.

Visto informe xurídico da Secretaría do concello de data 2.11.2016

E por isto que presentada unha reclamación/suxerencia en tempo e forma procede consonte o disposto no artigo 49 da LRBRL elevar ao pleno a resolución das mesmas e aprobación definitiva da Ordenanza

### CONSIDERACIONES XURÍDICAS

PRIMERO.- A aprobación de ordenanzas municipais constitúe unha manifestación da potestade regulamentaria atribuída aos municipios conforme o artigo 4 da LRBRL dentro da autonomía local recoñecida no artigo 138 da CE. E neste senso o artigo 80 da LRBRL dispón que as entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadanos e, entre outros, Ordenanzas e sometimento a previa licencia e outros actos de control preventivo. Máis especificamente o artigo 84 bis, dispón << 1. Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo anterior, con carácter general, el ejercicio de actividades no se someterá a la obtención de licencia u otro medio de control preventivo. No obstante, podrá exigirse una licencia u otro medio de control preventivo respecto a aquellas actividades económicas:

- a) Cuando esté justificado por razones de orden público, seguridad pública, salud pública o protección del medio ambiente en el lugar concreto donde se realiza la actividad, y estas razones no puedan salvaguardarse mediante la presentación de una declaración responsable o de una comunicación.
- b) Cuando por la escasez de recursos naturales, la utilización de dominio público, la existencia de inequívocos impedimentos técnicos o en función de la existencia de servicios públicos sometidos a tarifas reguladas, el número de operadores económicos del mercado sea limitado.>>

Neste senso á Lei de Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que suprime con carácter Xeral a obtención de licencia de apertura o instalación previa ao exercicio de actividades, no seu artigo 41 suxeita obtención de licenza a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.>>

TERCEIRO.- A reclamación presentada por Dna. Virginia Prado Herreras se fundamenta no seguintes.

Respecto a nulidade da Ordenanza por causa de desviación de poder cabe sinalar en primeiro lugar que o acto de aprobación inicial da Ordenanza constitúe un acto de trámite non cualificado e polo tanto non susceptible de recurso. O artigo 70.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Jurisdicción Contencioso-administrativa define a desviación de poder como o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico. No eido administrativo o artigo 63 da Lei 30/92, do 26 de novembro, das bases de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común, de aplicación conforme a DT 3 da Lei 39/2015, dispón <<\_Son anulables los actos de la Administración que incurran en cualquier infracción del ordenamiento jurídico, incluso la desviación de poder>>

Neste senso o Tribunal Supremo pronunciouse, entre outras en Sentencia de 23 Feb. 2012, rec. 2921/2008 "Según jurisprudencia consolidada, comporta la existencia de un acto administrativo ajustado en sus requisitos extrínsecos a la legalidad pero afectado de invalidez por contradecir en su motivación el sentido teológico de la actividad administrativa, que ha de estar orientada, en todo caso, a la promoción del interés público y, en particular, a la finalidad concreta con que está configurada en la norma la potestad administrativa que se ejercita (SsTS 6 de marzo de 1992 , 25 de febrero , 10 de marzo y 12 de mayo de 1993). Para su apreciación es preciso que quien la invoque alegue los supuestos de hecho en que se funde y los pruebe, si bien en este aspecto la más reciente jurisprudencia ha flexibilizado el rigor de otra anterior, que exigía una prueba absoluta y plena, entendiéndose que la misma dificultad de la probanza de motivaciones internas hacía necesario admitir como suficiente la acreditación que permita al Tribunal formar su convicción (SsTS de 7 de marzo de 1986 , 19 de enero de 1989 y 14 de octubre de 1994 , entre otras muchas). E a maior abundamento, o Tribunal Superior de Justicia de la Región de Murcia, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 2ª, Sentencia de 16 Nov. 2012, rec. 136/2012 no seu fundamento QUINTO determina" Por último una vez acreditados los hechos que dan lugar a la comisión de dicha infracción tipificada en el art. art. 7.1 e del R.D. 33/1986 , no cabe alegar que la administración actuara con desviación de poder. La apreciación de la desviación de poder exige tener en cuenta las siguientes circunstancias: a) existencia de un acto aparentemente ajustado a la legalidad, pero que en el fondo persigue un fin distinto al querido por el legislador; b) presunción de que la Administración ejerce sus potestades conforme a Derecho; c) que no puede exigirse una prueba plena sobre su existencia, ni tampoco puede fundarse en meras presunciones o conjeturas, siendo necesario acreditar hechos o elementos suficientes para formar en el tribunal la convicción de que la Administración acomodó su

actuación a la legalidad, pero con una finalidad distinta a la pretendida por la norma aplicable (SSTS 12-5-79 ,, 8-5-81 ,, 7 y 21-6-83 ,, 18-10-86 , 5-10-87 , 25-3 , 8-4 , 20-6 y 7-1-88 , 6-10-90 y 10-7-91).

Por tanto quien invoca la desviación de poder ha de alegar los supuestos en los que la funde y ha de probarlos cumplidamente, sin que se pueda fundarse en meras presunciones, ni en suspicacias, ni especiosas interpretaciones del acto de autoridad y de la oculta intención que lo determina (STS, Sala 3ª, de 14-5-92). Es preciso, si no una prueba plena, sí al menos una justificación suficiente que lleve al Tribunal a la convicción moral de la existencia de una intencionalidad torcida en la actuación de la Administración, sin que para llegar a esta conclusión sean suficientes meras conjeturas o sospechas de que aquélla ha pretendido apartarse del fin que da sentido al otorgamiento de la potestad ejercida (SSTS, Sala 3ª, de 1-2-90 y 10-10- 91)“

A alegante, no seu escrito, sinala expresamente que << La motivación de la presente Ordenanza se encentra única y exclusivamente en salvar ad hoc los obstáculos normativos que impiden a día de la fecha que la discoteca Villa Rosa Baiona ejerza su actividad en sus zonas privadas exteriores>>. Neste punto cabe sinalar que a Xunta de Goberno Local de data 12.05.2016 acordou desestimar a solicitude de instalación de terraza no espazo libre privado do inmueble sito na Avenida Joselín nº3 solicita por VILLA ROSA BAYONA SL en base o seguinte:

- As condicións da licenza de actividade para discoteca, esixen que a actividade debe levarse a cabo con portas e fiestras pechadas, polo que non e posible vincular un uso terraza o aire libre con outro principal de discoteca.
- A ordenanza existente no Concello de Baiona para a regulación e uso de terrazas denomínase “Ordenanza Municipal reguladora de terrazas na Vía Pública”. A terraza solicitada non estaría emprazada na vía pública, polo que a mesma non sería de aplicación.
- o artigo 50 do PEPCHAB establece que nos espazos libres de uso privado destinarase a uso de xardín ou horta, non dando mais opcións para outros usos

E por isto que a modificación da Ordenanza municipal de terrazas proposta non implica a legalización da actividade da terraza vinculada á discoteca VILLA ROSA BAYONA SL, tal e como se fundamentou no acordo da Xunta de Goberno Local, posto que concorren outras causas para a súa desestimación.

En relación as concretas determinacións que propoñe Dña. Virginia Herreras cabe destacar o seguintes:

A reclamante solicita unha diferente regulación das terrazas entre as categorías en que se clasifica o uso hostaleiro, de espectáculos públicos e actividades recreativas segundo artigo 133 do PXOM. O artigo 134 do PXOM establece respecto uso hostaleiro, de espectáculos públicos e actividades recreativas << Inclúense dentro deste tipo de uso aqueles establecementos nos que se despachan ao público, bebidas e/ou comidas, e nos que ademais poden desenvolverse outras actividades destinadas ao ocio da poboación.

E o artigo 134 da normativa distingue as seguintes categorías

- Categoría 1ª: Bares e similares; cafés e cafeterías; cibercafés e similares. Comprenden aqueles establecementos, calquera que sexa a súa denominación, nos que se serven ao público comidas e/ou bebidas.
- Categoría 2ª: Restaurantes. Comprenden aqueles establecementos, calquera que sexa a súa denominación, que se serven ao público, comidas e bebidas para ser consumidas no mesmo local.
- Categoría 3ª Locais de espectáculos públicos. Inclúe a todos aqueles clasificados como tales polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, aprobado por Real Decreto 2.816/1982, do 27 de agosto, ou normativa que a substitúa, tales como cines, teatros, salas de concertos, salas de variedades e folclore, etcétera
- Categoría 4ª: Locais recreativos e establecementos públicos. Inclúen todos aqueles destinados a actividades recreativas para ou esparexemento da poboación en xeral, calquera que sexa a súa denominación. Tales como casinos, salas de bingo, salas de máquinas recreativas e de azar, salóns recreativos, salas de festa, discotecas e salas de baile, etc.>>

Respecto ao establecemento de condicionamentos na regulación das terrazas segundo as distintas categorías cabe sinalar que a sentenza do tribunal Supremo de data 5 de maio de 2014, alegada pola reclamante, en recurso de casación desestima o recurso contencioso administrativo interposto pola “Asociación de Empresarios del Ocio Nocturno de la Comunidad de Madrid (Noche Madrid)”, contra a Ordenanza do Concello de Madrid que adapta ao ámbito de la ciudad de Madrid por excluir do seu ámbito de aplicación a discoteca, salas de festa o bares especiales. Efectivamente a sentenza fai constar o seguintes

<< QUINTO.- Acorde con el marco anterior, la sentencia entiende que procede la nulidad de la norma impugnada al aplicar los citados criterios: no ser discriminatorios, ni injustificados o desproporcionados. También asumidos, como es natural, por la Ley 17/2009, de 23 de noviembre, sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio, concretamente en el artículo 9, toda vez que esta Ley, también invocaba como infringida, incorpora parcialmente al Derecho español la citada Directiva 2006/123/CE, ex disposición final segunda. Sin que venga al caso referirnos ahora a la Ley 25/2009, de 22 de diciembre, denominada “Ley Omnibus”, que modificó la normativa estatal con rango de ley para su adecuación a los principios de la Directiva y Ley citadas. Lo cierto es que sujetar a diferente régimen, respecto de las terrazas con veladores, a “cafetería, bar, restaurante, bar-restaurante, heladería, chocolatería, salón de té, taberna, café bar o croisantería”, respecto de las discotecas, salas de fiesta y bares especiales, no resulta discriminatorio, injustificado ni desproporcionado, como antes adelantamos y ahora desarrollamos.

SEXTO.- No es discriminatorio porque se trata de establecimientos sustancialmente diferentes, en los que las diferencias esenciales se concentran en los horarios de apertura, en el impacto acústico que puede comportar, en el tipo de servicio que se presta en los diferentes establecimientos, y en la diferente actitud de los usuarios según el servicio que se presta en el interior del mismo. De manera que estas circunstancias son elementos diferenciadores que tienen indudable trascendencia jurídica, proporcionando al trato diferente de una justificación objetiva y razonable. No puede predicarse una uniformidad en el régimen jurídico de aplicación, respecto de las terrazas de veladores, cuando las situaciones jurídicas contempladas son diferentes, haciendo tabla rasa, por tanto, de las diferencias que antes señalamos. La proscripción de la discriminación, artículo 14 de la CE, impone que no pueda equipararse, confiriendo igual trato, a lo que es por su propia naturaleza diferente.

SÉPTIMO.- No es injustificado, además de las razones expuestas respecto de la discriminación, porque precisamente el interés general avala el diferente trato que previene la ordenanza impugnada en la instancia. Recordemos que la justificación que exige el Derecho comunitario y el Derecho interno se refiere, en el artículo 10.2.b) de la Directiva 2006/123/CE y artículo 9 de la Ley 17/2009, de 23 de noviembre, sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio, a una justificación basada en el interés general. No se trata, por tanto, de una motivación adicional que ha de contener la norma reglamentaria que se modifica e impugnada en la instancia, como parece sostener la sentencia recurrida. No. Se trata de una diferencia justificada porque resulta acorde con las razones que demanda el interés general. Y es este precisamente el que aconseja adoptar un criterio diferente en uno y otro tipo de establecimientos.

OCTAVO.- Tampoco es desproporcionado porque el principio de proporcionalidad que enuncian los citados artículos 10 de la Directiva y 9 de la Ley 17/2009 se refiere, como tradicionalmente corresponde a este principio, a la proporcionalidad respecto del "objetivo de interés general". Con carácter general, recordemos, el principio de proporcionalidad pone en relación la necesidad de una adecuación entre el fin perseguido por razones de interés público y los medios que se emplean para su consecución. Acorde con dicha enunciación, la proyección de la proporcionalidad en este ámbito de intervención, como es la procedencia de terrazas de veladores en determinados establecimientos, ha de basarse en una interpretación acorde con el interés público concernido, que revela que la cita del tipo de establecimientos en los que se permite esta clase de terrazas, que omite la mención a las discotecas, salas de fiesta y bares especiales, se produce por las características cualitativamente diferentes de estos locales, respecto de los que cita la ordenanza (cafetería, bar, restaurante, bar-restaurante, heladería, chocolatería, salón de té, taberna, café bar o croisantería), lo que necesariamente ha de condicionar la actividad administrativa, en lo relativo a la correspondencia entre medios empleados y fines que se persiguen.

E por isto que en base a esta sentenza, poderán establecerse unha ordenación distinta para distintos establecementos en función dos servizos que presten e en atención ao interese público concorrente, especialmente, tal e como sinala a sentenza, as discoteca, salas de festa o bares especiais, en atención as características distintas de este tipo de establecementos en materia de horarios de apertura, e impacto acústico que puede comportar respecto dos café-bar, cafetería, restaurante.

Respecto ao horario a Orde de 16 de junio de 2005 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local determinan, entre outros, os horarios máximo de peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, pero non regula especificamente o horario da terraza. No obstante a corporación, en base ao exposto anteriormente, poderá no seu caso fixar limitacións.

En canto a regulación das condicións do aforo, medidas de adopción de incendios, condicións de ubicación e compatibilidade de uso cabe manifestar que son cuestións que se regulan por normativa sectorial (normativa urbanística, PXOM, PEPCHAB) e que deberán terse conta, xunto cos condicionamentos da licenza do establecemento principal na concesión da licenza de terraza en tanto sexan aplicables tal e como recolle o artigo 4.2 da Ordenanza aprobada inicialmente en data 7.07.2016 << En terreos de uso público, tanto de titularidade pública como privada, as autorizacións administrativas só se outorgarán en tanto a ocupación dos mesmos pola terraza se adecúe á normativa urbanística e demais normas sectoriais que resulten de aplicación e resulte compatible cos intereses xerais, compatibilidade que, no marco do establecido nesta Ordenanza, valorarase en cada caso segundo as circunstancias xerais e específicas que se presenten. Para ese efecto, en todo caso, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeneral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non minoren a accesibilidade dos cidadáns aos espazos destinados a uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
- b) Garantía da seguridade viaria e da fluidez do tráfico e a circulación de todo tipo de vehículos.
- c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública.
- d) Preservación do arbolado e vexetación, da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- e) Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindeiros.
- f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.>>

E por isto polo que se conclúe que o solicitado polo interesado xa está reflectindo na ordenanza ao remitirse a lexislación sectorial de aplicación.

En canto ao punto sétimo da alegación presentada por Virginia Herreras respecto ao punto 6.4 da Ordenanza no que solicita a inclusión dunha previsión na que se estableza a imposibilidade de concesión de ou renovación de licenza de terraza por un período mínimo de 5 anos cando o establecemento foi obxecto dunha sanción por contaminación acústica dende que devino a firme. O artigo 6.4 da Ordenanza aprobada inicialmente dispón <<A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:

- a) Cando se haxan iniciado procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias o prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal o accesoria.
- b) Cando se haxa apreciado un incumprimento das condicións da autorización o da mesma ordenanza.
- c) Cando no período autorizado este prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

A proposta formulada pola reclamante está referida ao punto a) do artigo, solicitando a súa modificación vinculandoa especificamente ao expediente de contaminación acústica.. Segundo o artigo 90.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en procedementos sancionadores, a resolución que poña fin a vía administrativa será executiva cando no quepa recursos ordinario sen prexuízo da súa suspensión en caso de manifestar o interesado a súa intención de interpor recurso contencioso administrativo. E por isto que a xuízo de quen, e como garantía de seguridade xurídica, infórmase favorablemente a vinculación da falta de renovación da terraza a existencia dunha resolución sancionadora firme en vía administrativa.

E por isto polo que esta Alcaldía, a vista do expediente propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión Informativa de asuntos de Pleno a adopción do seguinte acordo.

**PRIMEIRO.- Desestimar a alegación formulada por Dna. Virginia Prado Herrera en relación a nulidade da Ordenanza por incorrer a mesma en causa de desviación de poder.**

**SEGUNDO.- Estimar parcialmente as alegacións relativas a inclusión de determinación concretas modificando os seguintes artigos**

**ARTIGO 2. DEFINICIÓNS.-**

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, estufas, xardineiras, pizarras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería e restauración e aqueles establecimentos con licenza de apertura para o exercicio da actividade de servizos de venda e consumo no seu interior de dulces, helados e repostería en Xeral, tanto dulce como salada, acompañada de bebidas tales como refrescos e infusiones en sus distintas especialidades de te, café o chocolate. Asemade poderanse autorizarse terrazas cando sexan accesorias a outras establecements de conformidade coa normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas agás nos establecements adicados a salas de festa, discotecas, salas de baile, tablaos flamencos, Café-teatro, café-concierto e café-cantante

**Artigo 6.4.-** A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:

- A) Como consecuencia de resolucións firmes en vía administrativa en materia de contaminación acústica ata un máximo dun ano."

**SR. LORES, PSOE.-** Bós días a todas e a todos. Antes unha compañeira decía "siento una sensación extraña ante este Pleno", e iso é o que quero manifestar: é unha situación extraña, por moitas razóns; unha: a nivel xurídico, e outra a nivel político; é certo que como decía a voceira do grupo popular, que no Pleno do 7 de xullo, por iniciativa da Asociación de Empresarios, viu ó Pleno a ordenanza que regula as terrazas en espazos privados; era unha lagoa legislativa que había no Concello de Baiona, e que nese momento non houbo nin ún solo voto en contra dado que entendíamos que estaba ben regulado, pero que chegaba un pouco tarde; incluso houbo algún grupo que decía que dalgún xeito a Asociación de empresarios pois dounos unha especie de aviso ós concelleiros da Corporación de que tiñamos que estar un pouquiño máis pendientes destes temas no Concello.

Todo isto aprobouse cos informes favorables de Secretaría e todos dalgún xeito dimos por boa esa iniciativa dos empresarios que saíu aprobada sin ningún voto en contra.

Evidentemente despois de cada unha destas aprobacións provisionais hai un período de alegacións, prazo de exposición pública, onde calquer veciño/a, calquer persoa, pode alegar, ofrecer, calquer tipo de suxerencias; como así foi; o rematar o prazo de exposición apareceu unha alegación lexítima dunha veciña, que por suposto hai que tratar no Pleno.

Antes de meterme en máis profundidade, aquí hai digamos, un desprezo político ó resto dos grupos da Corporación. Nese Pleno pedíusenos apoio a esta Ordenanza e dous grupos da oposición votamos a favor e outro grupo mantivo a súa abstención por criterios formais de que naqueles temas nos que non se lles pida a súa participación pois se absteñen. Pero houbo outros 2 grupos que si apostamos e votamos a favor.

Cando aparece unha alegación nin se nos comunica nin se nos pide aportacións nin participación nesa ordenanza que si votamos a favor. Polo tanto nós entendemos que politicamente isto non se sostén; porque de igual maneira que se pide o apoio e cando vemos que é razoable o apoiamos, tamén entendemos que calquer modificación a eso que votamos a favor débese pedir participación para poder tamén opinar nestas rectificacións, que agora explicaremos e diremos a nosa opinión. Pero en principio deixar por diante que non nos parecen politicamente correctas estas decisións.

Xa dun xeito máis metidos na materia, evidentemente hai unha alegación que nos parece lexítima e incluso razoable, que unha veciña, ou un veciño, diga que nesta ordenanza que aprobamos parece que hai unha lagoa, unha deficiencia; que na ordenanza tratamos a tódalas empresas de hostelería do mesmo xeito e realmente a actividade dunhas e doutras parece que non é a mesma; polo tanto os veciños din que deber haber algunha consideración especial para algunhas que teñen unha actividade distinta. Por eso presenta a su alegación basándose en 2 cousas; primeira: que hai unha desviación de poder; vamos a ver, o grupo socialista (cónstame tamén que o resto dos grupos da oposición) cando votamos a favor de

iso sabíamos o que estabamos votando, e votamos polo interés xeral; eu supoño que o grupo popular tamén fixo o mesmo; polo tanto esa alegación desestímase, porque non hai nada que xustifique ou que demostre que esta decisión foi para beneficiar a ningunha entidade ou a algunha empresa determinada e ocultar un interés particular por debaixo dun interés xeral. Creo que tódolos grupos, o partido socialista polo menos, e cónstame que o grupo do BNG tamén, votamos en consideración xeral; polo tanto, ésta é unha alegación que creo que non viña a conto.

Despois, a outra, a que dí que se regule de xeito especial ás discotecas; en ningún momento a alegante, e en ningún momento os servizos de Secretaría, dín que se prohiba; o que dín é que se regule; que se regule de xeito distinto, tanto en horarios, tanto en aforos, e tanto en contaminación acústica e lumínica. A Sentencia á que fai referencia da Comunidade de Madrid tamén dí o mesmo: que non é discriminatoria unha regulación distinta para os distintos tipos de negocios de hostelería, ou o que é máis alá das cafeterías. Polo tanto en ningún momento se está pedindo; esta é unha decisión do Alcalde e do grupo de goberno directamente; estáse pedindo unha regulación, que nós tamén entendemos que ten que haber unha regulación distinta porque non pode estar unha terraza dunha discoteca coa música posta, por suposto que non, nin pode haber focos ni laser que molesten ós veciños, por suposto que non; pero con isto estamos pechando a posibilidade de unha opción turística, como son as discotecas e como son as terrazas.

Tamén é certo, nesta modificación que se pretende, trate o mesmo a unha discoteca que esté no casco que a outra que se poda facer pasado mañán en Cabo Silleiro, por exemplo; que non son as mesmas situacións; por iso o que piden é que se regule de xeito casi particular cada unha destas infraestructuras. E nos en eso si estamos dacordo; o que non estamos dacordo é que para evitar un problema prohibamos e xeremos algún que outro máis; e como si ún vai ao médico por unha pulla que ten no brazo e llo amputan; non; hai que tomar decisións e hai que resolver.

O que nos entendemos que tiña que facer o Alcalde e o grupo de goberno é chegar a regular, chegar a un acordo que sexa compatible unha actividade coa outra; unha actividade dunha discoteca ou calquer outro local de hostelería co descanso dos veciños; as dúas cousas deben ser compatibles. Polo tanto non estamos dacordo en que se diga que non porque non, para evitar un problema e non entrar en resolvélos.

Sería igual que si se lle prohibe a un veciño facer unha casa a lado dunha discoteca, non tería ningún sentido; polo tanto nós ahí si que temos algún problema.

Por outro lado tamén se aplica, polo que vín, o artigo 50 do PEPCHAB, onde dí que os espazos das casas e dos inmobles teñen que ir abertos, a xardín, e ó horto, bueno, pero iso non so para discotecas, imonos meter nun llo, nun llo serio, porque senón pode un determinado local de hostelería facer eso hai moitos outros que tampouco van a poder; e aparte que tampouco entendemos que se entende por xardín.

En canto ó tema tanto xurídico como político temos moitas dudas; nós en principio, e para empezar, o que vamos a pedir é que este punto se retire da orde do Día e que quede enriba da mesa.

**SR. PEREIRA, BNG.**- Bós días a todos e a todas. Primeiro de todo agradecer que retrasaran o Pleno unha semana por culpa miña.

Suscribindo un pouco a liña do PSOE, do que acaba de decir Lores, evidentemente nós, a pesar de non consensuar esta ordenanza como salvo a concelleira Ana Simons parece que o resto do equipo de goberno si que fai, non consensuar nin falar coa oposición, votamos a favor sabendo perfectamente o que estabamos votando e non entendo o problema sen apoiar o inicio dunha regulación en Baiona que non estaba regulada e realmente sabíamos que era un tema complexo.

Agora nos atopamos, evidentemente, cunha alegación; dende o BNG nos parece incluso ata obsceno a posta en escena desta alegación, na primeira parte; non compartimos ese tipo de razoamentos e de ideas; pero si que na segunda alegación pon sobre a mesa cuestións importantes e que seguramente podan ata enriquecer o documento; de feito de ahí se recollen dúas das alegacións.

A maiores das que xa se recollen, si que queremos facer notar o tema que comentou Lores do PEPCHAB, tamén o tema de establecer os límites horarios absolutos para o funcionamento das terrazas con independencia da actividade que se trate; nos parece un tema interesante e que enriquecería o documento.

Entendemos que estos son os problemas de non falar previamente as cousas e de simplemente darnos a nós un documento co que tes que xogar politicamente de si aceptálo ou non, e por responsabilidade nos aceptamos a outra vez; pero entendo que no momento que se fan alegacións para intentar mellorar o documento (insisto, exceptuando a primeira parte) e non habendo ningún tipo de aportación da oposición na que nós podamos defender o documento orixinal entendemos que nós vamos a solicitar o mesmo que solicita o PSOE: sacálo da orde do Día e intentar facer as cousas ben, consensuadas, xa que tamén está implicada ACEBA, como grupo de empresarios, e facer unha Ordenanza que regule e que realmente poña os puntos sobre as "ies" para que non poida haber este tipo de problemas no futuro.

**SR. MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.**- Buenos días. Nuestro grupo, como es el único discrepante, entre comillas, en este tema, a pesar de que nos abstuvimos hemos leído muy atentamente tanto el informe jurídico de la Secretaria como las alegaciones de la vecina. Podría ser ventajista y decir "como no se nos consulta vienen estas cosas"; no; estas cosas vienen porque viene, hay alguien que se siente perjudicado en sus intereses y realiza una reclamación sin más. Pero nosotros, a pesar de nuestra abstención, no tenemos más que decir a lo que han dicho los anteriores grupos; nos parece bien la idea de que quede encima de la mesa; y por supuesto queda encima la mesa, queda otra vuelta, y participamos, obviamente ahí si que participaremos de pleno y activamente además. Nuestro grupo apoya la idea que han tenido tanto el PSOE como el BNG.

---

O Sr. Alcalde somete a votación a petición dos grupos da oposición de retirada do presente punto, resultando: 8 votos a favor da retirada: (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP. Producido empate na votación sométese a unha segunda votación co seguinte resultado 8 votos a favor da retirada: (4, PSOE; 2 BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP, polo que o Presidente decide co voto de calidade resultando nove votos en contra.

E por isto que o Pleno por maioría rexeita a retirada do punto da orde do día

---

**SRA. IGLESIAS, PP.-** Respecto a esta ordenanza, y creo que a todas en general, se legisla según van surgiendo problemas y se van viendo cosas que hay que cambiar. Pues esto es un ejemplo más. Vamos a ver, lo que decía el Sr. Pereira de que podría ser enriquecedor el pautar dependiendo de la actividad que se desarrolle un tipo de horario, y lo vimos en muchísimas ordenanzas a lo largo y ancho del país, decidimos no hacerlo porque realmente las terrazas en Baiona no dan problemas a día de hoy, no quiere decir que dentro de 5 años sí los den, y es evidente que legislativamente prevalece el descanso antes que el ocio, con lo cual siempre los Juzgados van a defender el descanso de los ciudadanos y no el ocio. Partiendo de esa base y entendiendo que nos nos dan ningún tipo de problema el resto de las terrazas y el único conflicto que había era con el tema de las discotecas y basándonos en informes jurídicos tanto el Alcalde como yo, que estuvimos haciendo un seguimiento de este tema, había muchísima jurisprudencia que prohibía tener terrazas a las discotecas; pero por algo muy sencillo, que la propia licencia de discoteca dice que la actividad tiene que realizarse con puertas y ventanas cerradas, con lo cual no tiene sentido que una discoteca tenga terrazas y pueda desarrollar su actividad en el exterior. No tiene ningún sentido legal; se puede ver en todas las Comunidades Autónomas; y sentencias del Tribunal Supremo. Aunque el Sr. Lores decía que en este recurso no pedía eso, no es cierto, porque no lo pedía explícitamente pero sí hacía alusión a esa sentencia de la que estoy hablando. Con lo cual, con asesoramiento jurídico municipal, y también externos, hemos visto que lo legal era eso. El Ayuntamiento, este equipo de gobierno, no quiere perjudicar a ningún empresario de Baiona, faltaría más, y entendemos que Baiona vive en un porcentaje muy alto también del turismo, y es evidente que la oferta de ocio para Baiona es importantísima y como tal pues las discotecas, en este caso, a día de hoy solo existe una, pero en un futuro probablemente haya muchas más.

Por lo tanto, no queremos perjudicar a nadie pero evidentemente la legislación marca unas pautas y basándonos en ellas hemos hecho esta ordenanza intentando hacer lo menos perjudicial para ningún sector. Se trata de conciliar todos los sectores. Esta es la explicación de esta determinación, aunque a todos nos moleste tener que ser restrictivos con ciertas cosas, pero en este caso no hay lugar a otra decisión.

**SR. RAFAEL LORES:** Os problemas da aprobación desta Ordenanza escomezan neste pleno, quero recordar aquí a ausencia dunha concelleira do PP por razóns persoais. Creo que isto é algo que reflexa realmente a falta e a inoportunidade deste pleno, desta ordenanza, desta modificación. Decía a voceira do PP que se trata de procurar o ben de todos; aquí non se está regulando, estáse prohibindo, polo tanto estáse excluindo a posibilidade das discotecas.

Tamén falou dos servizos técnicos municipais; efectivamente nas súas conclusións din "enténdese conforme á legalidade a regularización diferenciada da instalación de terrazas entre os distintos establecementos.."; o que está decindo é que pode haber distintos tratamentos a unhas terrazas e a outras; non di en ningún momento os servizos técnicos municipais que haxa que prohibir as terrazas nas discotecas; como en ningún momento o dí a alegante nin a sentenza da Comunidade de Madrid onde dí que non é discriminatorio un tratamento diferencial. Polo tanto nós estamos a favor dese tratamento diferenciado.

Tamén é curioso que na primeira ordenanza en ningún momento se cita a ningunha empresa de hostelería ou discoteca; e na proposta da Alcaldía si xa se dí claramente que esta Ordenanza non vai en contra de Villa Rosa; home, si o está decindo é porque xa hai un problema. Dí "é por isto que a modificación da ordenanza municipal de terrazas proposta non implica legalización de actividade de terraza vinculada á discoteca Villa Rosa". En ningún momento se fala de legalizar ou ilegalizar a Villa Rosa; estamos falando de legalizar ou ilegalizar as terrazas das discotecas; nunca Villa Rosa.

Polo tanto, si hai un desvío de poder, si hai algunha xustificación de desvío de poder, aquí parece que si que o hai, parece que se nomea directamente a unha empresa, polo tanto o Pleno non pode legislar nunca en contra dunha empresa.

Sigo decindo que aquí hai moitas deficiencias tanto políticas como de base xurídica; polo tanto o noso voto neste punto vai a ser negativo. Vamos a votar en contra.

**SR. PEREIRA, BNG.-** Comentaba a Sra. Iglesias que en Baiona non hai problemas de terrazas e é certo; pero estamos intentando regular o futuro desta Vila. Non vale como argumento dicir que porque non hai problemas, mentres non haxa denuncias, non hai que regular concretamente as cousas. As ordenanzas están para regular, e si o poñemos todo ben estruturado no momento que haxa algún problema xa hai unha ordenanza que vai a solucionalo, non esperar a que haxa unha denuncia e que vaia ó Xulgado e según o que diga o Xulgado nós decimos si ou non.

Dende o BNG creemos que é bastante triste que o alcalde teña que utilizar o voto de calidade para unha proposta que non é nada extraño nin nada enrevesado; é dicir, é apartar este punto para consensuálo coa oposición, con ACEBA, con esta persoa reclamante. Tendemos a má para reunirmos e facer as cousas ben e chegar a un acordo entre todos para regular algo que pode xerar problemas no futuro no Concello e resulta que o grupo de goberno utiliza o voto de calidade do Alcalde para tumbar esta proposta. Nós non o entendemos. Cando foi o tema da ordenanza de mercados falamos coa concelleira Ana Simons e chegamos a un acordo, se truxo aquí e se aprobou por unanimidade; non houbo ningún tipo de problemas. Nos acaban de cortar a má que tendemos a oposición para facer este tipo de políticas que entendemos son as mellores para o Concello.

Evidentemente nós tamén vamos a votar en contra por todas estas razóns, da proposta da Alcaldía.

**SR. SILVANO MONTES, EU-SON.-** Entende que non se pode consensuar polo que o seu grupo vaise abster.

**SR. ALCALDE:** Si a alguien hay que reprochar la falta de consenso es al Alcalde, no obstante, la reclamación se sometió a la Comisión Informativa y si hubiese alguna duda o si hubiese carácter dialogante se hubiese comentado en la Comisión. Lo del talante es de ambas partes. El tema objeto de regulación es delicado.

**Acto seguido sométese a votación a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa co seguinte resultado: 8 votos a favor (PP), seis votos en contra (4PSOE, 2BNG) e dúas abstencións (EU-SON).**

**E por isto que o Pleno por maioría adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.- Desestimar a alegación formulada por Dna. Virginia Prado Herrera en relación a nulidade da Ordenanza por incorrer a mesma en causa de desviación de poder.**

**SEGUNDO.- Estimar parcialmente as alegacións relativas a inclusión de determinación concretas modificando os seguintes artigos**

**ARTIGO 2. DEFINICIÓNS.-**

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, estufas, xardineiras, pizarras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería e restauración e aqueles establecementos con licenza de apertura para o exercicio da actividade de servizos de venda e consumo no seu interior de dulces, helados e repostería en Xeral, tanto dulce como salada, acompañada de bebidas tales como refrescos e infusiones en sus distintas especialidades de te, café o chocolate. Asemade poderanse autorizarse terrazas cando sexan accesorias a outras establecementos de conformidade coa normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas agás nos establecementos adicados a salas de festa, discotecas, salas de baile, tablaos flamencos, Café-teatro, café-concierto e café-cantante

**Artigo 6.4.-** A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:

- B) Como consecuencia de resolucións firmes en vía administrativa en materia de contaminación acústica ata un máximo dun ano."

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO.**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, que da conta da proposta que literalmente dí:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (ACEBA) en data 23.05.2016 e posterior 27-06.2016 solicita ao Concello de Baiona a modificación da Ordenanza reguladora de Terrazas en vía pública para a súa adaptación ao artigo 41 da Lei de Emprendemento e da competitividade económica de Galicia que suxeita a obtención de licenza ou autorización a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento e a súa modificación para a instalación de terrazas en terreos de dominio público e terreos de titularidade privada como garantía no exercicio da actividade empresarial

Resultando que a Alcaldía emite proposta de Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público que substituirá a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Resultando que en data 7.07.2016 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público en substitución da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública aprobada polo pleno da corporación en data 04.04.2013 e que segundo o artigo primeiro ten por obxecto << a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de dominio público (vía pública, espazos libres, zonas verdes) e terreos de titularidade privada e uso público dentro do termo municipal de Baiona. A ocupación de terreos de titularidade privada e uso público con terrazas, queda sometida á presente Ordenanza, agás no referido ao abono de taxas que se rexirá pola Ordenanza fiscal >>

Resultando que o expediente someteuse a período de exposición ao público polo prazo de 30 días contados dende o día seguinte a publicación do anuncio no BOP número 143 de data 28 de xullo de 2016. Asemade publicose na páxina web do Concello. Durante o prazo de exposición ao público presentouse unha alegación suscrita por Dna. Virginia Prado Herrerás.

Resultando que respecto as alegacións e suxerencias, logo da emisión de informe xurídico, propónse a súa estimación parcial modificando os seguintes artigos-

**ARTIGO 2. DEFINICIÓNS.-**

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, estufas, xardineiras, pizarras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa



actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería e restauración e aqueles establecementos con licenza de apertura para o exercicio da actividade de servizos de venda e consumo no seu interior de dulces, helados e repostería en Xeral, tanto dulce como salada, acompañada de bebidas tales como refrescos e infusiones en sus distintas especialidades de te, café o chocolate. Asemade poderanse autorizarse terrazas cando sexan accesorias a outras establecementos de conformidade coa normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas agás nos establecementos adicados a salas de festa, discotecas, salas de baile, tablaos flamencos, Café-teatro, café-concierto e café-cantante

Artigo 6.4.- A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:

- C) Como consecuencia de resolucións firmes en vía administrativa en materia de contaminación acústica ata un máximo dun ano.

E por isto polo que en uso das potestade regulamentaria atribuídas aos Concellos, esta Alcaldía propón ao Pleno, previo sometemento da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva da Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de Uso Publico

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, o fenómeno das terrazas impulsouse e provocou unha transformación da paisaxe urbana e un incremento da demanda por parte dos titulares de establecementos. Esta situación xorde fundamentalmente como consecuencia da aprobación da Lei 42/2010, do 30 de decembro de 2010, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, máis coñecida como "lei antitabaco", que supuxo a prohibición de fumar en todos os espazos non considerados na mesma como espazos ao aire libre, provocando un cambio de hábitos dos fumadores como principais usuarios das terrazas. Así mesmo cabe destacar que Baiona é un municipio eminentemente turístico no que destaca o sector servizo é un dos principais motores da nosa economía.

A aprobación dun novo texto que regule as terrazas no noso municipio responde principalmente ao seguinte. O primeiro débese á política da Unión Europea encamiñada a suprimir os obstáculos á libre circulación dos servizos e á liberdade de establecemento dos prestadores de servizos. Este feito unido ao contexto económico actual provocou unha corrente liberalizadora que obriga ás administracións públicas a promover un marco regulatorio transparente, accesible e favorable para a actividade económica. O segundo refírese ao impacto que está a provocar a proliferación antes mencionada e a necesidade de dar resposta a esa situación. Asemade a entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia contribue a liberalización de actividades suprimindo con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial profesional, industrial ou comercial. Non obstante, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza ou autorización para, entre outros a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento. Neste senso a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (ACEBA) solicitou ao Concello de Baiona a modificación da Ordenanza reguladora de Terrazas en vía pública para a súa adaptación á Lei de Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público consonte o disposto o artigo 73.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispón no seu artigo 77.1, que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a autorización, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter .

Respecto a instalación de terrazas en espazo libre privado cabe sinalar que o artigo 75.5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona define espazos exteriores libres de parcela privada como << aqueles espazos exteriores libres de edificación, cualificados como tales, e delimitados polos paramentos exteriores das edificacións e os lindeiros das parcelas. Estes espazos terán o carácter de elementos comúns da edificación construída na parcela e serán de titularidade e disfrute privada. Poderán pecharse e valarse e o coidado e mantemento dos mesmos correrá a cargo dos propietarios dos edificios. Non obstante, e de maneira xustificada derivada da continuidade dos itinerarios peonís na zona, poderá esixirse polo concello a non limitación de acceso público aos mesmos ou a parte de aqueles. Asemade no se apartado cinco se determina que nos espazos libres de edificación de carácter privado, non admiten ningún tipo de edificación dentro da superficie delimitada como tal, aínda que, poderanse admitir tanto instalacións deportivas en superficie e ao descuberto sen espectadores, como así mesmo as instalacións diáfanas abertas por todos os lados (ceadores, pérgolas, etc.) até un máximo do 10% da superficie da zona libre privada neste último caso. Tamén poderán instalarse construcións efémeras para a implantación de usos esporádicos

A ordenanza contempla a necesidade de harmonizar usos e intereses de distinta natureza, o uso de actividades económicas privadas na vía pública co resto de usos compatibles. Por iso, aínda que se trata de favorecer a instalación de terrazas na cidade de Baiona fixando procedementos e condicións técnicas claras e sinxelas, vélese polo interese xeral con carácter primordial, porque a paisaxe urbana da cidade manteña equilibrio e harmonía, respectando os dereitos dos viandantes, os consumidores e a seguridade das instalacións

### TÍTULO I OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

## **ARTIGO 1. OBXECTO**

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de dominio público (vía pública, espazos libres, zonas verdes) e terreos de titularidade privada e uso público dentro do termo municipal de Baiona. A ocupación de terreos de titularidade privada e uso público con terrazas, queda sometida á presente Ordenanza, agás no referido ao abono de taxas que se rexirá pola Ordenanza fiscal..

2. Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, que se rexerán pola normativa específica, Ordenanza Fiscal nº 17 reguladora da taxa por utilización privativa do aproveitamento especial do dominio público local con postos, barracas, casetas de venta e espectáculos ou atraccións ambulantes.

3. Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión/autorización administrativa.

## **ARTIGO 2. DEFINICIÓNS.-**

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, estufas, xardineiras, pizarras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostelería e restauración e aqueles establecimentos con licenza de apertura para o exercicio da actividade de servizos de venda e consumo no seu interior de dulces, helados e repostería en Xeral, tanto dulce como salada, acompañada de bebidas tales como refrescos e infusiones en sus distintas especialidades de te, café o chocolate. Asemade poderanse autorizarse terrazas cando sexan accesorias a outras establecements de conformidade coa normativa de espectáculos públicos e actividades **recreativas agás nos establecements adicados a salas de festa, discotecas, salas de baile, tablaos flamencos, Café-teatro, café-concierto e café-cantante**

Os servizos de restauración dos establecements hoteleiros tamén poden instalar terrazas.

## **ARTIGO 3.- NORMATIVA APLICABLE**

As instalacións reguladas nesta Ordenanza quedan suxeitas á normativa sectorial que lles sexa de aplicación, polo que as súas determinacións son plenamente exixibles, aínda cando non se faga expresa referencia as mesmas.

## **TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO**

### **ARTIGO 4. LICENZA**

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Se prohibe a instalación de terrazas sen licenza municipal, non podendo procederse ao seu montaxe en tanto non estea en posesión de dita licenza e acreditación do abono da taxa correspondente O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

2. En terreos de uso público, tanto de titularidade pública como privada, as autorizacións administrativas só se outorgarán en tanto a ocupación dos mesmos pola terraza se adecúe á normativa urbanística e demais normas sectoriais que resulten de aplicación e resulte compatible cos intereses xerais, compatibilidade que, no marco do establecido nesta Ordenanza, valorarase en cada caso segundo as circunstancias xerais e específicas que se presenten. Para ese efecto, en todo caso, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeneral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non minoren a accesibilidade dos cidadáns aos espazos destinados a uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
- b) Garantía da seguridade viaria e da fluidez do tráfico e a circulación de todo tipo de vehículos.
- c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública.
- d) Preservación do arbolado e vexetación, da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- e) Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindeiros.
- f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.

O peticionario da autorización non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública, nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.As licenzas que se concedan para o aproveitamento especial de terreos de uso público e/ou de titularidade privada mediante a instalación de terrazas terán validez anual, concedéndose por anos naturais, sendo necesario para sucesivas renovacións o cumprimento do previsto no artigo 5 da Ordenanza.

4. Características da autorización administrativa:

- a) En terreos de dominio público a ocupación permitida coa autorización administrativa non implicará en ningún caso cesión de facultades administrativas sobre os devanditos espazos, que conservarán sempre o seu carácter inalienable e imprescritible.
- b) A mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a autorización poida ser outorgada, non concede ao interesado dereito algún á súa concesión, que estará sempre supeditada á prevalencia do interese xeral sobre o particular; sen que do seu outorgamento derive para o seu titular ningún dereito nin expectativa lexitima a obtelas por un novo período.

c) Así mesmo o Concello ostentará a potestade de modificar, suspender ou revogar as autorizacións nos termos que se sinalan no artigo correspondente desta ordenanza.

#### **ARTIGO 5. SOLICITUDES-LIQUIDACIÓNS.-**

1. Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares dos establecementos, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.

2. As solicitudes deberán formularse no impreso normalizado establecido ao efecto no Anexo I desta Ordenanza, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e autorización de actividade do mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, parasoles, pizarras e demais elementos decorativos.

3. De tratarse da primeira instalación, a solicitude acompañarase, con carácter xeral, da seguinte documentación:

3.a) Fotocopia compulsada da autorización de actividade - apertura do establecemento comercial ou de hostalería. A autorización deberá estar en vigor e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten ao devandito establecemento.

3.b) Documento que acredite non ter débedas pendentes coa Facenda Municipal.

3.c) Memoria descritiva:

1. Tipo de ocupación que se vai realizar
2. Mobiliario que se pretende instalar
3. Número de mesas, cadeiras a instalar e outros
4. Superficie a ocupar

3.d) Documentación gráfica,:

1. Fotografías do mobiliario previsto e da fachada do establecemento.
2. Plano de situación e planta da zona a ocupar, no que se reflectan
  2. Superficie a ocupar
  3. Lonxitude da fachada do establecemento
  4. Ancho da beirarrúa
  5. Distancias a elementos existentes na área de influencia da ocupación (esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos e mobiliario urbano).

3.e) Autorización dos propietarios das edificacións colindantes nos casos que así se requira consonte o establecido na presente ordenanza.

#### **ARTIGO 6. PERÍODO DE OCUPACIÓN**

1. A ocupación de dominio público obxecto da presente Ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes taxas establecidas na Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa. Os períodos de ocupación establécense na devandita Ordenanza Fiscal, distinguíndose entre ocupación estival e anual. No momento de facer a solicitude, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización, debendo efectuar a liquidación tal como figura na devandita Ordenanza Fiscal.

2. A vixencia das autorizacións que se concedan se corresponderá co período do funcionamento autorizado.

3. Naqueles supostos en que se trate da renovación da licenza dunha terraza xa instalada polo mesmo titular e nas mesmas condicións, bastará coa presentación da solicitude de renovación, a carta de pago da taxa e declaración responsable de estar ao corrente de pago en todos os impostos e taxas municipais e non ter débedas da facenda municipal.

4. **A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:**

a) **Como consecuencia de resolucións firmes en vía administrativa en materia de contaminación acústica ata un máximo dun ano.**

se haxan iniciado procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias o prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal o accesoria.

b) Cando se haxa apreciado un incumprimento das condicións da autorización o da mesma ordenanza.

c) Cando no período autorizado este prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

#### **ARTIGO 7. FORMA DE EFECTUAR A LIQUIDACIÓN DA TAXA**

1. A liquidación da taxa virá determinada pola superficie ocupada pola terraza e os elementos que a compoñen (mesas, cadeiras, parasoles, elementos decorativos...)

2. Por regra xeral, para o cálculo da superficie, considerarase que unha mesa e catro cadeiras dun modelo estándar ocupan unha superficie de 3,06 metros cadrados (1,75m x 1,75m).

#### **ARTIGO 8. TRAMITACIÓN**

O procedemento iniciarase mediante solicitude no impreso normalizado que conterá, a lo menos, os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se axuntará, no seu caso, a documentación prevista no artigo 4 da presente Ordenanza, que se presentará no rexistro xeral do Concello de Baiona, sen prexuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da Lei LRX-PAC.

Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examinar a solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que emende a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fixera terase por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC. Unha vez completada a documentación, emitirase a resolución expresa sobre a solicitude da autorización de ocupación -terraza, motivando no seu caso, a denegación da mesma.

#### **ARTIGO 9. OBRIGA DE RESOLVER**

1. O órgano competente para a concesión da autorización é o Alcalde - Presidente ou Concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo dun mes, implicará a súa desestimación consonte o artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
2. A concesión ou denegación das autorizacións efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente Ordenanza. No caso de denegarse a autorización procederase á devolución da taxa autoliquidada, sen prexuízo, no seu caso, do pagamento da taxa polo tempo efectivamente ocupado.

#### **ARTIGO 10. SUPOTOS DE TRANSMISIBILIDADE E SUBROGACIÓN**

1. A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome do titular da actividade comercial ou de hostalería ao que estea vinculado.  
A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.
2. As autorizacións para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da autorización de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen dita circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular de acordo co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

#### **ARTIGO 11. SUSPENSIÓN E REVOCACIÓN DA AUTORIZACIÓN**

1. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviñesen circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación.

En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.

2. Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público, a Administración concédente mediante resolución motivada poderá revogar a autorización concedida sen dereito a indemnización algunha. Igual facultade acadará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves ou moi graves para o tráfico peonil, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños, debidamente acreditadas, ou denuncias da Policía Local por molestias de ruidos e por perturbación do descanso nocturno

3. Para declarar a revogación ou a modificación a que se refiren os dous apartados precedentes será necesario procedemento seguido de conformidade co Título VI da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común no que poderán adoptarse de acordo co artigo 72 da devandita Lei, as medidas provisionais necesarias para asegurar durante a tramitación os intereses xerais. Con todo, a revogación por incumprimento poderá resolverse no procedemento sancionador que se siga polos mesmos feitos.

4. *Quedará así* mesmo automaticamente suspendida temporalmente sen dereito a indemnización, a eficacia da autorización administrativa pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos ou acontecementos públicos similares de interese preferente, así como por situacións de emerxencia, realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades, sempre que requiran ineludiblemente que quede expedito o espazo ocupado pola terraza. A suspensión terá a duración imprescindible, recobrando a autorización administrativa a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron, en todo caso sen necesidade de resolución administrativa

5.- En todo serán CAUSAS EXTINCIÓN da autorización administrativa.-

- a) A falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do titular da autorización.
- b) Caducidade por vencemento do prazo.
- c) Revogación unilateral pola Administración nos supostos previstos neste artigo.
- d) Mutuo acordo.
- e) Falta de pago da Taxa ou calquera outro incumprimento grave das obrigacións do titular da autorización declarados polo órgano que a outorgou.
- f) Renuncia do titular da autorización ao seu dereito.
- g) Desaparición ou esgotamento do ben ou do seu aproveitamento.
- h) Desafectación do ben.
- i) Calquera outra causa admitida en dereito ou prevista na presente Ordenanza

6.- Extinguida a autorización por calquera das causas previstas na presente Ordenanza o titular está obrigado a retirar todos os elementos desta e a non volver instalala. Igual deber existirá en caso de suspensión ou modificación da Licenza.

### **TÍTULO III DAS INSTALACIÓNS**

## ARTIGO 12. CONDICIÓNS DE UBICACIÓN

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

### 1. Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento ao que se destina o servizo, sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, así como outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros de servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc) non o impidan.

Non obstante, poderase permitir a instalación na marxe oposta do local e/ou que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do mesmo, acreditando documentalmente a conformidade das fincas colindantes (vivendas e locais comerciais).

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos exixidos na presente Ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada con tráfico rodado de vehículos.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (bancos, fontes, cabinas telefónicas, etc...).

### 2. Características de ocupación permitida:

#### BEIRARRÚAS

| Ancho total da beirarrúa | Espazo libre mínimo | Ocupación terrazas |
|--------------------------|---------------------|--------------------|
| 1,50 - 3,50 metros       | 1,50 metros         | Permisible         |
| 3,50 - 5,50 metros       | 2,00 metros         | Permisible         |
| > 5,50 metros            | 2,50 metros         | Permisible         |

#### RÚAS PEONÍS

| Ancho total da rúa | Ocupación terrazas                                       |
|--------------------|--|
|                    | Permisible (garantindo, en todo caso, o tráfico rodado). |

#### PRAZAS PEONÍS

| Espazo libre mínimo   |
|---|
| 1,50 metros nos percorridos establecidos para o tránsito dos peóns.   |
| 1,00 metros arredor de calquera monumento, elemento escultórico ou decorativo, salvo espazos de ordenación detallada. |

No caso das rúas e prazas peonís, a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, a vista do número de solicitudes, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza. A estes efectos, os servizos técnicos, anualmente determinarán graficamente os espazos libres mínimos na vía pública nos espazos con ordenación detallada e de maneira, orientativa, posibles disposicións do mobiliario e a súa ocupación en superficie.

## ARTIGO 13. MOBILIARIO

1. O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se emplace, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasoles ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción do nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

Permitirase a instalación dun único elemento publicitario a modo de pizarra, de dimensión máxima 0,80 x 1,20 metros, como parte do mobiliario ou decoración da terraza, estando suxeita á autorización de ocupación en todo o regulamento.

Ditas características serán exixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

2. O mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, xardineiras, etc.) non deberá ter arestas nin saíntes que poidan causar danos sobre os usuarios. Acéptase o emprego de materiais tales como a madeira, os metais ou as resinas. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará a ocupación e o mobiliario a instalar como terraza garantindo a súa integración co entorno.

3. No caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. Os materiais textís de que estean compostos estes elementos serán lona ou similar, estando prohibidos os compostos unicamente de PVC e as cores puras ou cercanas a tonalidades puras (vermello, amarelo...).

O voo e o pé de apoio destes elementos quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

4. Estará permitida a colocación de estufas de gas propano de exterior axustándose aos seguintes requirimentos:

- O modelo de estufa que se coloque deberá suxeitarse á normativa europea fixada na Directiva 1990/396/CEE, do 29 de xuño, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados Membros sobre os aparellos de gas ou, no seu caso, aquela que resulte de concreta aplicación e se atope vixente en cada momento.

En todo caso, a estrutura da estufa deberá ir protexida con unha carcasa ou similar que impida a manipulación de aqueles elementos que conteñan o gas.

- Caso de que un establecemento opte pola colocación de estufas de exterior deberá de retiralas diariamente, de acordo co horario autorizado ao respecto.

- En todo caso, o interesado deberá dispoñer de extintores de pó ABC eficacia 21A113B, en lugar facilmente accesible. Non obstante o anterior, e atendida a existencia de outros elementos de mobiliario urbano ou de diversas circunstancias que poidan afectar de maneira indirecta á colocación das estufas referidas, poderá denegarse a autorización para a súa instalación de forma motivada.

Na solicitude destas instalacións deberá presentarse a seguinte documentación anexa:

- Garantía de calidade e Certificado de Homologación da Comunidade Europea das estufas.
- Contrato con empresa aseguradora no que se contemple a instalación de estufas na terraza.
- Contrato con empresa de mantemento especializada en instalacións de GLP e os seus derivados.

5. Nos ámbitos regulados polo Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico de Baiona, haberanse cumprir ademais das indicacións anteriores, as indicadas no Plan Especial, no concernente ás condicións estéticas do exterior dos edificios. Preferiblemente, a cor das lonas será clara (branca e variedades de ocre claros) mais poderanse empregar outras cores e tons, sempre que resulten discretas e a súa utilización acada, prohibíndose taxativamente as cores rechamantes.

## **TÍTULO IV OBRIGAS E PROHIBICIÓNS**

### **ARTIGO 14. OBRIGAS**

Os titulares das autorizacións de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

1. Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.
2. Cingirse estritamente á zona autorizada, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, bados de vehículos e locais comerciais.
3. Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda transparente, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado, sen necesidade de exixir a súa exhibición.
5. Fóra do horario autorizado para a terraza, o titular da autorización virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos elementos, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía. Non obstante, con carácter excepcional durante a tempada de verán, dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro, non será obrigatorio a retirada destes elementos da vía pública, pero si a súa orde e recollida, ao final de cada xornada.
6. Corresponde ao titular da autorización a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo despois de cada xornada trala retirada da terraza.
7. Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento ou mobiliario urbano pola instalación, o titular da autorización será responsable dos danos causados, debendo repoñelos ao seu estado inicial, nun prazo máximo de dez días hábiles.

### **ARTIGO 15. PROHIBICIÓNS**

1. Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas, mobiliario e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.
2. Non se permitirá a instalación de mostradores expositivos e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.
3. Con carácter xeral non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
4. Prohibese instalar nas terrazas billares, fútbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
- 5.- Non se permitirá a fixación ao chan das terrazas ou elementos de suxeición.

### **ARTIGO 16. HORARIOS**

1. O funcionamento das terrazas axustarase ao horario comercial do establecemento ao que estea ligada a autorización.
2. Cando xurdan molestias graves ou moi graves, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños, debidamente acreditadas, ou denuncias da Policía Local por molestias de rúidos e por perturbación do descanso nocturno, a Administración concédente mediante resolución motivada poderá limitar o horario das terrazas, en caso de grave prexuízo, previo informe da Policía Local e audiencia ó interesado, revogar a autorización concedida sen dereito a indemnización algunha.

### **ARTIGO 17.- RECUPERACION DE OFICIO**

As instalacións suxeitas a esta ordenanza que se implanten sobre terreos de titularidade e uso público sen autorización, excedendo da superficie autorizada ou incorrendo en calquera incumprimento do seu contido, serán retiradas seguindo o procedemento de recuperación de oficio previsto na normativa patrimonial, conforme a cal, previa audiencia ao interesado e unha vez comprobado o feito da usurpación posesoria o do incumprimento das condicións da autorización e a data na que esta se iniciou, requirírase ao ocupante para que cese na súa actuación, sinalándolle un prazo non superior a oito días para elo.

A orde de retirada amparará cantas execucións materiais se deban realizar namentres persistan as circunstancias que motivaron a súa adopción. No caso de resistencia ao desaloxo, adoptaranse cantas medidas sexan conducentes á recuperación da posesión do ben ou dereito, de conformidade co disposto no capítulo V do título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro. Esta circunstancia non impide a liquidación das taxas que corresponda polo período de ocupación efectivamente realizado.

## **TÍTULO V RÉXIME SANCIONADOR**

### **ARTIGO 18. INSPECCIÓN**

Corresponde aos Axentes da Policía Local e aos Inspectores Municipais a inspección do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

Aos Servizos Técnicos Municipais, Policía Local e Inspectores de Servizos atribúeselles a función específica de fiscalizar o cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza e demais disposicións aplicables, correspondéndolles as funcións de investigación, averiguación e inspección, sen prexuízo das facultades da Inspección Tributaria en orde ás regularizacións que procedan respecto da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local, Imposto sobre Actividades Económicas ou calquera outro tributo que poida devengarse.

### **ARTIGO 19. POTESTADE SANCIONADORA**

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **ARTIGO 20. INFRACCIÓNS**

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

### **ARTIGO 21. INFRACCIÓNS LEVES**

Considéranse infraccións leves:

1. O incumprimento da obriga de colocar en sitio visible, adherida á porta ou ao escaparate do establecemento, mediante un marco axeitado ou funda transparente, o permiso/distintivo correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de exixir a súa exhibición.
2. Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na autorización.
3. O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.
5. O incumprimento da obriga de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
6. Almacenar ou apilar produtos, caixas ou outros materiais xunto ás fachadas, así como residuos propios das instalacións.
7. Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
8. Instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
9. As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

### **ARTIGO 22. INFRACCIÓNS GRAVES**

Considéranse infraccións graves:

1. A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva autorización municipal.
2. A negativa ou obstrución ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos Inspectores ou Axentes da Autoridade, a autorización da instalación autorizada.
3. Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
4. Cando a terraza se instale en xardíns públicos sen autorización.
5. Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc).
6. O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colindantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.
7. A reincidencia por dúas veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións leves da mesma natureza.

### **ARTIGO 23. INFRACCIÓNS MOI GRAVES**

Considéranse infraccións moi graves:

1. A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
2. Cando a instalación se realice en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
3. A reincidencia por dúas veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións graves da mesma natureza.

### **ARTIGO 24. SANCIÓN**

1. As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

— As leves, con multa de ata 750 €.

— As graves, con multa de 751 a 1.500 € que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.

— As moi graves, con multa de 1.501 a 3.000 € que poderá acompañarse da retirada da autorización da terraza con carácter definitivo.

2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

— A gravidade da infracción.

— O prexuízo causado.

— O beneficio obtido.

- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, pola comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- A intencionalidade.

#### **ARTIGO 25. PRESCRICIÓN**

1. As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.
2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous e as moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

#### **Disposición transitoria única**

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo de 3 meses desde á súa entrada en vigor.

#### **Disposición final primeira**

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en Vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e reixerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. A entrada en vigor desta Ordenanza implica a derogación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

SEGUNDO.- Ordenar a publicar o texto integro da Ordenanza no BOP de Pontevedra

---

**SR. RAFAEL LORES, PSOE.-** Esta é unha Ordenanza importante e entendemos que debemos consensuala entre todos os grupos, polo tanto vamos a pedir a retirada desta proposta de aprobación definitiva.

**IAGO PEREIRA:** Plantexamos o mesmo que o punto anterior de deixar sobre a mesa e consensuar entre todos. As comisións informativas son para informar, non para consensuar; insisto, teñen a proba no seu propio equipo de goberno na ordenanza de mercados coa compañeira Ana Simons; non houbo que ir a ningún tipo de Comisión informativa para chegar a ningún acordo; houbo xuntanzas previas, 3 ou 4, con aportacións, con diálogo, e con chamadas. Iso é participación e colaboración e tender a mán; non decir que esperamos ás Comisións para que veñan as propostas, porque non tería sentido porque se modifica todo. Volvemos a unirmos á proposta do PSOE de deixar a ordenanza e traballáala en conxunto.

**SR. SILVANO MONTES:** A Comisión Informativa son como son. O seu grupo non ten dúbida.

---

O Sr.Alcalde somete a votación a petición dos grupos da oposición de retirada do presente punto, resultando: 8 votos a favor da retirada: (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP. Producido empate na votación sométese a unha segunda votación co seguinte resultado 8 votos a favor da retirada: (4, PSOE; 2 BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP, polo que o Presidente decide co voto de calidade resultando nove votos en contra.

E por isto que o Pleno por maioría rexeita a retirada do punto da orde do día

Acto seguido sométese a votación a proposta ditaminada favorablemente co seguinte resultado

Acto seguido sométese a votación a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa co seguinte resultado: 8 votos a favor (PP), seis votos en contra (4PSOE, 2BNG) e dúas abstencións (EU-SON).

**E por isto que o Pleno por maioría aproba Ordenanza Municipal Reguladora Da Instalación De Terrazas En Espazos De Uso Público.**

---

#### **5.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DÁ RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS RESPECTO AO CAMIÑO MANCARELAS (Nº ORDE 129).**

O Sr.Alcalde cede a palabra á SRA.SECRETARIA, quen procede á lectura dá seguinte:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**RESULTANDO QUE:**



1.- En data 5/08/2010 o pleno da Corporación prestou aprobación definitiva ao documento de inventario de camiños e vías que desenvolve o Grupo C do epígrafe 1º Bens inmobles do Inventario Municipal xunto coa estimación e desestimación das alegacións presentadas durante o período de exposición ao público.

2.- No inventario de camiños figura co número de orde 129 en Camiño Mancarelas cunha superficie de 1093,9 m2 e 284,1 de lonxitude.

3.- En data 4.11.2014 a Xerencia Territorial do Catastro require ao Concello informe municipal sobre a inclusión no inventario dun tramo do camiño Mancarelas.

4.- En data 12.05.2015 o Xulgado de Primeira Instancia nº7 de Vigo empraza ao Concello en acción declarativa de dominio correspondente ao procedemento ordinario 306/2015 interposta por Dna. Mercedes Fonseca Pérez e Jose Humberto Gallidoro do Monte sobre un tramo do camiño Mancarelas.

5.- En data 26.02.2016 o Xulgado de Primeira Instancia nº7 de Vigo dita sentenza n virtude da cal estima a demanda e declara que a franxa de terreo de 164 m2 identificada no plano nº4 adxunto ao informe pericial de D. Francisco M. Igrexas Rodríguez é da súa propiedade.

6.- En data 12.05.2016 o pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo

Primeiro.-Rectificación do inventario de camiños respecto ao Camiño Mancarelas (número de orde 129) eliminando do mesmo a franxa de terreo de 164 m2 identificada no plano nº4 adxunto ao informe pericial de D. Francisco M. Igrexas Rodríguez ao tratarse de propiedade privada.

Segunda.- incoar expediente de rectificación de camiños respecto ao Camiño Mancarelas (número de orde 129) eliminando do mesmo a franxa de terreo Mancarelas que discorre fronte á vivenda de Jose Vicente López Macía e Dna. Ana María Rodríguez González referencia catastral 54003A058002710001JM sometendo devandito expediente a un prazo de exposición pública por un prazo de vinte días durante os cales poderá examinar o expediente e presentar alegacións.

Devandito acordo foi notificado aos interesados e publicado no BOP de Pontevedra nº 103 de data 31.05.2016

En data 23.06.2016 D. Jose López Vicente López Macía presenta escrito de alegacións solicitando o mantemento no Inventario de camiños respecto o camiño Mancarelas.

En data 1.09.2016 o Pleno da Corporación desestimou das alegacións formuladas por D. Jose López Vicente López Macía. No mesmo acto adoptouse acordo de rectificación do Camiño Mancarelas (número de orde 129 do inventario de camiños e vías que desenvolve o Grupo C do epígrafe 1º Bens inmobles do Inventario Municipal) eliminando do mesmo a franxa de terreo Mancarelas que discorre fronte á vivenda de Jose Vicente López Macía e Dna. Ana María Rodríguez González de referencia catastral 54003A058002710001JM. Devandito acordo foi notificado ao interesado en data 17.09.2016.

En data 7.10.2016 D. Jose López Vicente López Macía presenta recurso de reposición contra o acordo plenario fundamentando o seu recurso en que a adopción do acordo plenario leva que a vivenda da súa propiedade quede en situación de fóra de ordenación reservándose o dereito á presentación dunha reclamación patrimonial (artigo 139 e seguinte da Lei 30/92).

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- En canto ao réxime xurídico aplicable a Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio dos procedementos da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu apartado a) dispón. Aos procedementos xa iniciados antes da entrada en vigor da Lei non lles será de aplicación a mesma, rexéndose pola normativa anterior. É por iso polo que se rexe pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

O artigo 107 da LRJPAC << Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei>>

O recurso presentado polo Sr. Jose López Vicente López Macía non se fundamenta en ningunha causa de nulidade ou anulabilidade do artigo 62 ou 63 da LRJPAC se non nun posible dereito a presentar unha posible reclamación de responsabilidade patrimonial por devir a edificación en situación de fóra de ordenación ao carecer de acceso por vía pública ou espazo libre. É por iso que o recurso presentado non desvirtúa o acordo plenario de rectificación do inventario respecto ao camiño Mancarela tendo en conta que o inventario de bens (documento público administrativo) é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba nin constitúe nin crea dereito algún a favor da Corporación (STS 9 de xuño de 1978).

En virtude do exposto, elévase ao Pleno da Corporación, como órgano competente en virtude do artigo 117 da LRJPAC, 34 Regulamento de Bens da Corporacións Locais, e 22.2.q da Lei 7/85, do 2 de abril, previo ditame da Comisión Informativa o seguinte acordo

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición interposto por Sr. Jose López Vicente López Macía contra o acordo plenario de 1.09.2016.

**SEGUNDO.-** Notificar ao interesado.

**CARLOS GOMEZ: sinala que o seu grupo vaise abster (PSOE)**

**IAGO PEREIRA: manifesta a abstención so seu grupo xa que entende que como se trata dun recurso de reposición non está capacitado.**

**SILVANO MONTES: sinala a abstención.**

**Tra-lo debate o Sr.Alcalde somete a votación ou presente punto, resultando: 8 votos a favor, PP; abstencións: 8 (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON).**

**Polo cal, ou Pleno do Concello, por maioría simple, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición interposto por Sr. Jose López Vicente López Macía contra o acordo plenario de 1.09.2016.

**SEGUNDO.-** Notificar ao interesado.

**6.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS RESPECTO AO CAMIÑO REGO DURÁN (Nº ORDEN 43).**

A Presidencia cede a palabra a **SRA.SECRETARIA**, quen procede á lectura da seguinte:

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**RESULTANDO QUE:**

1.- En data 5/08/2010 o pleno da Corporación prestou aprobación definitiva ao documento de inventario de camiños e vías que desenvolve o Grupo C do epígrafe 1º Bens inmobles do Inventario Municipal xunto coa estimación e desestimación das alegacións presentadas durante o período de exposición ao público.

2.- No inventario de camiños figura co número de orde 43 en Camiño Rego Durán cunha superficie de 1136,5 m2 e 220,5,1 de lonxitude.

3.- En data 14.08.2015 D. Roberto González Varela presenta escrito no que solicita que se emenden erros en canto á superficie da leira de referencia catastral 3226109NG1632N0001WL incluída no Estudo de detalle 05-O PXOM situado no Burgo nº2 que segundo catastro ten unha superficie de 1.862 m2.

4.- O PXOM inclúe a leira obxecto de alegación (3226109NG1632N0001WL) dentro do estudo de detalle nº5 do PXOM coa leira de referencia catastral 3226125NG1632N0001ML de titularidade da mercantil GONDOMAR SL, establecendo como superficie total do estudo de detalle 1.230 m2.

5.- Faise constar que a superficie da leira segundo catastro non coincide co ámbito superficiado polo PXOM como Estudo de Detalle despois de que exclúe da mesma un superficie delimitada como camiño que o Inventario de camiños municipal recolle como camiño Rego Durán (nº de orde 43).

A isto hai que engadir que no arquivo municipal consta a seguinte documentación:

- O Pleno da Corporación en sesión de data 8.05.1992 aprobou definitivamente o Estudo de Detalle promovido por GALVAZ SA sito no BURGO que contempla parte do camiño como acceso rodado de 450 metros.
- Expediente de concesión de licenza de 21 vivendas unifamiliares encostadas por acordo da Comisión de Goberno en data 28.08.92. Segundo o proxecto a superficie aproximada é de 6.376 m2 cunha superficie de acceso rodado de 450m2 (aínda que plano num3 do proxecto non coincide co de Estudo de detalle despois de que ampla a zona de acceso rodado) e accesos peonís de 724 m2.

- Consta en expediente de concesión de primeira ocupación escritura pública de data 19.04.1996 de compravenda e subrogación en hipoteca de vivenda unifamiliar número vinte e un << a vivenda, en se mesma, á que se accede a pé desde o terreo a nexa, e con vehículo desde ao estrada de Bahiña e o Burgo, a través de viario propio da urbanización. E En canto regras estatutarias reflicte no segundo punto: Ademais das determinados no artigo 396 do Código Civil e da Lei de Propiedade Horizontal, terán a consideración de elementos comúns de á urbanización os accesos e portal, rúa interior, zonas axardinadas?>>

- Expediente de licenza de segregación de leira matriz de 6.376 m2 en tres parcelas concedida por Resolución de Alcaldía de 28.03.1996 e posterior ratificación da Comisión de Goberno de data 10.04.1996:

- Leira nº1 : 180 m2 con casa antiga en fóra de ordenación.

- Leira nº2 de 1876 m2 con seguintes condicións urbanísticas: nº unidades a construír: 4 ud, superficie total construída: 552 m2, volume total a construír 1436 m2 e ocupación máxima 232 m2 nº plantas 2

- Resto leira matriz 4320 m2 (xa edificadas na súa totalidade (15 vivendas encostadas en e fileiras, cinco cada unha)

En data 1.09.2016 o Pleno da Corporación incoa expediente de rectificación do inventario de camiños respecto ao camiño Rego Durán nº orde 43 do Inventario de camiño excluindo do mesmo o tramo que discorre pola leira de referencia catastral parcela catastral 3226109NG1632N0001WL de titularidade de GONDOMAR SL e 3226123NG1632N pertencentes á Comunidade de Propietarios CR Bahiña 2.

En data 22.09.2016 publícase o anuncio de exposición ao público no BOP nº182 e notifícase aos interesados (en data 27.09.2016 a D. Roberto González Varela e 28.09.2016 ao Presidente da Comunidade de Propietarios Veciños O Burgo bloques 8,10 e 12-Bahiña)

En data 17.10.2016 D. Carlos Arenosa Pereira presenta escrito de alegacións no que solicita, entre outros, que se acorde a eliminación e descatalogación do inventario de camiños municipais Rego Durán xa que o Estudo de Detalle 05-Ou-PXOM xa estableceu o mencionado viario como elemento común da comunidade.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O artigo 17 de RB dispón que as entidades locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

O artigo 74 do RD 781/1986, do 18 de abril, distingue entre os bens de uso público local («os camiños e estradas...», e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da Entidade local») e bens de servizo público. E, en concreto, o art. 2 do RB, recolle esta clasificación (bens de dominio público, que serán de uso ou servizo público, e bens patrimoniais) precisando no seu art. 3.1 que son bens de uso público local «os camiños, prazas, rúas, paseos...», e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da Entidade local».

O inventario de bens (documento público administrativo) é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba nin constitúe nin crea dereito algún a favor da Corporación (STS 9 de xuño de 1978). Por si só non é suficiente para acreditar a titularidade pública dun camiño, xa que a inscrición neste non ten natureza constitutiva (STS 15 de novembro de 1996). Constitúe un mero indicio que como garantía de éxito, debe estar unido a outras circunstancias. A estes efectos o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do contencioso-administrativo, Sección 2ª, Sentenza de 5 May. 2011, rec. 4013/2011 no seu fundamento Segundo sinala. - ?E é que efectivamente, tal e como sinala a sentenza de instancia, ha de partirse da base de que a determinación da titularidade do viario de que se trata, de se o mesmo constitúe ou non unha vía pública, é cuestión da exclusiva competencia da xurisdición civil e de que o inventario municipal no que se pretende incluíse devandito viario non é, senón un "mero" Rexistro de carácter administrativo que, por si só, nin proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor das Corporacións", sendo o seu único labor crear unha aparencia de demanialidad que nin prexulga nin exclúe as accións que poidan exercitarse ante a xurisdición civil, que é a que resulta competente, como se dixo, para pronunciarse en definitiva acerca da titularidade sobre tales bens.

SEGUNDO.- O artigo 17 de RB dispón que as entidades locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición. O artigo 45 do RD 1372/1986 do 13 de xuño, Regulamento de bens das Entidades Locais dispón ? As Corporacións Locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, a fin de determinar a titularidade dos mesmos?, en atención á vis atractiva que tería o fin de interese público e inaprazable que o ben en cuestión estaría chamado a cumprir se fose público, pero tendo presente que antes da apertura do citado expediente, no momento marcado polo art. 48 do RBL, a Administración debe levar a cabo un estudo previo sobre a procedencia do exercicio da acción investigadora.

O artigo 48 do RB sinala que recibida a denuncia ou comunicación, e antes de acordar a apertura do expediente, procederá a un estudo previo sobre a procedencia do exercicio da acción investigadora.

Presentándose solicitude de rectificación do camiño e tras a verificación de documentación e emisión de informe xurídico o Pleno da Corporación aprobou en data 1.09.2016 a rectificación do inventario respecto ao trazado de camiño Rego Durán. Non presentándose alegacións que desvirtúe a titularidade privada procede a resolución do expediente e aprobación definitiva da modificación do inventario de camiños respecto o Camiño Rego Durán número de orde 43 do inventario de camiños eliminado o tramo que discorre polas leiras de referencia catastral 3226109NG1632N0001WL e 3226123NG1632N.

É por iso polo que se eleva ao Pleno da Corporación, como órgano competente para a aprobación conformidade co disposto no artigo 34 do RB en relación co artigo 22.2.q da LRBRL, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva da modificación do inventario de camiños respecto o Camiño Rego Durán número de orde 43 do inventario de camiños eliminado o tramo que discorre polas leiras de referencia catastral 3226109NG1632N0001WL e 3226123NG1632N.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados e publicar no BOP de Pontevedra.

IAGO PEREIRA: sinala que vai votar a favor

SILVANO MONTES: abstención

**O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 10 votos a favor (8, PP; 2, BNG); abstencións: 6 (4, PSOE; 2, EU-SON).**

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva da modificación do inventario de camiños respecto o Camiño Rego Durán número de orde 43 do inventario de camiños eliminado o tramo que discorre polas leiras de referencia catastral 3226109NG1632N0001WL e 3226123NG1632N.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados e publicar no BOP de Pontevedra.

**8.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE BAIONA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DIA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XENERO.-**

**O Presidente cede a palabra a concelleira Carmen Paredes quen da lectura a declaración**

**" DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

Por que é necesario visualizar nun día do ano A violencia contra a muller?

- A violencia contra a muller é unha violación dos dereitos humanos
- A violencia contra a muller é consecuencia da discriminación que sofre, tanto en leis como na práctica, e a persistencia de desigualdades por razón de xénero
- A violencia contra a muller afecta e impide o avance en moitas áreas, incluídas a erradicación da pobreza, a loita contra o VIH/SIDA e a paz e a seguridade
- A violencia contra a muller e as nenas pódese evitar. A prevención é posible e esencial
- A violencia contra a muller segue sendo unha pandemia global. Ata un 70% das mulleres sofren violencia nalgún momento da súa vida.

A mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero, polo que é necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.

A xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, e vemos con preocupación, como perciben a violencia de xénero, porque algunhas das súas relacións afectivas e sociais teñen comportamentos discriminatorios e inadmisibles, verdadeiros sinais incipientes de violencia que anticipan outras manifestacións máis graves de maltrato. Polo que teñen que ser capaces de recoñecer esas condutas nocivas para poder frealas, e deste xeito evitar que se agraven e supoñan un maior risco de violencia de xénero no futuro.

Se queremos evitar a violencia de xénero debemos evitar os pasos que se inician baixo as referencias dunha cultura machista. Polo tanto, para erradicar calquera forma de violencia, a solución reside na educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos.

É necesario seguir traballando na prevención e na sensibilización e visibilizar un problema de profundo calado social.

Por todo iso resulta imprescindible que a mocidade de hoxe en día, protagonista da sociedade do mañá, comprenda, coñeza e identifique a violencia de xénero, recoñeza os primeiros sinais dos malos tratos e, a continuación, convértase en protagonista do logro dunha sociedade libre de violencia contra a muller: apoiando a quen a sofre, rexeitando actitudes e estereotipos que a promovan ou xustifiquen e actuando nas súas relacións interpersoais, desde o convencemento de que a igualdade entre mulleres e homes e o respecto pola dignidade do outro son imprescindibles e útiles para a súa convivencia pacífica en sociedade.

Conscentes destas circunstancias, o concello de Baiona, dende a Concellería de Igualdade leva traballando durante anos a través do Centro da Información á Muller, na prevención da Violencia de Xenero; profesionais implicadas na loita contra a violencia de Xenero que traballan dende a prevención e a intervención directa; profesionais implicadas na consecución dun recoñecemento duns dereitos igualitarios.

Dende este equipo de goberno, nos comprometemos a seguir na mesma traballando para conseguir una sociedade 0 % machista."

**SR. CARLOS GOMEZ, PSOE.-** O PSOE vai a unirse.

**SR. IAGO PEREIRA:** Non ten problema, vai votar a favor se ben entende que se pode mellorar coa seguinte proposta:

"Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que 'a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acoñida da Xunta de Galicia ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente,.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.

Finalmente,

1º.- Instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na lei Galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2º.- Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

**SR. SILVANO MONTES:** Está de acordo coa moción presentada se ben a presentada polo BNG é máis enriquecedora.

**SRA. CARMEN PAREDES.-** Revisarase a proposta do BNG; en relación as leis comentar que teño aquí a resolución das modificacións que se levan feito nesta lexislatura polo PP e se inclúen un montón de medidas que afectan ás leis.

**SR. CARLOS GOMEZ, PSOE.-** Todo o que sea para mellor vai aprobalo.

**SRA. CARMEN PAREDES.-** Sinala que o teléfono 016 funciona as 24 horas os 365 días o ano

**SR. SILVANO MONTES:** Coñecendo os datos trátase de mellorar.

**SR. ALCALDE:** o que se somete ao pleno é unha declaración, no unha moción.

---

O Sr. Alcalde somete a votación a emenda do BNG resultando o seguinte: 8 votos a favor (4, PSOE; 2, BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP. Producido empate na votación sométese a unha segunda votación co seguinte resultado 8 votos a favor (4, PSOE; 2 BNG; 2, EU-SON); e 8 votos en contra, PP, polo que o Presidente decide co voto de calidade resultando nove votos en contra.

E por sito polo que o Pleno rexeita a emenda presentada polo BNG.

Acto seguido sométese a votación a declaración senso aprobada por unanimidade dos presentes.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESQUERDA UNIDA-EU SON RELATIVA Á ADHESIÓN Á REDE MUNDIAL DE CIDADES E COMUNIDADES AMIGABLES COAS PERSOAS MAIORES.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. MONTES, EU-SON**, quen procede á lectura da seguinte MOCIÓN:

Silvano Montes Sánchez voceiro do grupo municipal Esquerda Unida-Son no Concello de Baiona, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete a consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e consideración a seguinte **MOCIÓN SOBRE A ADHESIÓN Á REDE MUNDIAL DE CIDADES E COMUNIDADES AMIGABLES COAS PERSOAS MAIORES**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A poboación de Baiona vaise envellecendo paulatinamente a un ritmo de máis ou menos un 1% anual durante os últimos 5 anos, co que atopámonos na actualidade con que o 25% dos veciños superan os 60 anos de idade.

A OMS, a través do IMSERSO en España, anima a participar no proxecto de Cidades Amigables coas Persoas Maiores, coa premisa de que estas promovan un envellecemento activo.

O envellecemento activo é, segundo a OMS, "o proceso de optimización de oportunidades para saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que embellecen".

Unha cidade amigable coas persoas de maior idade:

- Recoñece a gran diversidade entre as persoas maiores.
- Promove a súa inclusión e contribución en tódolos ámbitos da vida comunitaria.
- Respecta as súas decisións e eleccións de estilo de vida.
- Anticipa e responde con flexibilidade ás necesidades e preferencias relacionadas co envellecemento.

Nunha comunidade amigable coas persoas maiores, existe unha cultura de inclusión, compartida por todas as idades e capacidades.

Políticas, servizos e estruturas relativas á contorna física e social deséñanse para apoiar e permitir que as persoas maiores "envellezan activamente", é dicir, que vivan con seguridade, gocen de boa saúde e continúen participando plenamente na sociedade.

Facer que as cidades sexan amigables coas persoas maiores e unha das estratexias políticas máis eficaces para responder ao envellecemento demográfico.

Polo anteriormente dito, o Grupo Municipal Esquerda Unida-Son do Concello de Baiona propón ao Pleno os seguintes

#### **ACORDOS**

1º.- Instar ao goberno municipal de Baiona a solicitar a adhesión á Rede Mundial de Cidades e Comunidades Amigables das persoas maiores a través do IMSERSO.

2º.- Instar ao goberno municipal ao inicio do proceso de desenvolvemento das fases do proxecto tal como se especifica no proceso para participar no mesmo.

---

**SRA. CARMEN PAREDES:** Agradecemos al portavoz del Grupo Municipal Esquerda Unida la moción presentada para incluir a Baiona en la Red de Ciudades Amigables con las Personas Mayores. Dicha Red, como bien saben ustedes, está impulsada por la Organización Mundial de la Salud (OMS) y coordinada en nuestro país por el Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). Este Gobierno hace suyo, sin duda, el objetivo de esta iniciativa en la que participan 70 ayuntamientos de toda España: "crear entornos y servicios que promuevan y faciliten un envejecimiento activo y saludable".

En este sentido, este equipo de gobierno es consciente de esta perspectiva en la planificación municipal. Considera a las personas mayores como agentes protagonistas de la sociedad, y, por tanto, como un activo importante de participación en la que deben ser atendidas sus demandas. No debemos olvidar además su papel como agentes directos en el apoyo a las familias a la hora de la conciliación, acto que sin duda contribuye a establecer lazos intergeneracionales y que ayudan a transmitir y a enriquecer la tradición de nuestra villa. Es pues una manera de promover una cultura de la inclusión compartida por personas de todas las edades y de contribuir en todos los ámbitos de la vida comunitaria.

De tal manera esto es así que quisiéramos destacar algunas de las medidas dentro de las políticas de envejecimiento activo que ya se están llevando a cabo desde nuestro Gobierno y por las cuales la villa de Baiona ya merecería el apelativo de "amigable con las personas mayores".

El Concello de Baiona reconoce la diversidad poblacional e intenta responder, desde sus distintas concejalías, a las necesidades detectadas a favor de un envejecimiento activo (proceso de optimización de oportunidades para la salud, participación y seguridad con la finalidad de mejorar la calidad de vida de las personas a medida que envejecen).

Actividades como los cursos de Memoria, los de Alfabetización de personas adultas, las diversas actividades de ocio (excursiones y programas de termalismo), actividades culturales en las que las personas mayores son agentes espectadores a la par que protagonistas, reconocimiento de honores y distinciones por su trayectoria de vida y su contribución a la tradición de la Villa, actividades para la promoción de la salud (así el ciclo de Conferencias sobre Bienestar y Salud que este año 2017 tendrá su segunda edición), los parques biosaludables complementados con la amplia oferta deportiva de nuestro pabellón, etc ...

En otro orden de recursos y servicios, Baiona cuenta además con un magnífico CD que lleva a cabo campañas de prevención del deterioro, de envejecimiento activo, y da respuesta a los casos de envejecimiento que requieren de una mayor intervención sociosanitaria. En otra línea, el Centro Sociocomunitario, con una amplia oferta de actividades dirigidas a la población en general y de la que por supuesto, pueden participar los mayores en interacción con otros grupos de edad, algo que actúa como prevención del envejecimiento y contribuye evidentemente a su inclusión social activa y por si todo esto fuera poco, qué decir de la sensibilidad manifiesta del Sr. Vilar desde la concejalía de Accesibilidad, siempre pendiente de mejorar los espacios y entornos para aquellas personas con mayores dificultades.

Como todos los procesos de carácter burocrático, la adhesión a la Red requiere de unos plazos y de una aceptación; es por ello que durante el tiempo que lleve la inclusión en el Programa, este equipo de gobierno no cesará de trabajar en la misma línea en la que lo venimos haciendo, concibiendo a las personas mayores como parte activa y protagonista de su desarrollo personal y por ende comunitario.

Por ello y porque estamos comprometidos en un proceso de mejora continua de la calidad de vida de los mayores de este municipio, nos parece muy positivo contar con la ayuda que seguro nos podrá aportar la Red de Ciudades Amigables con las Personas Mayores.

Muchas Gracias

**SR. CARLOS GOMEZ:** é moi boa iniciativa, voto a favor.

**SR. SILVANO MONTES:** nadie pone en duda lo que el Ayuntamiento hace a favor de la tercera edad, esto es otra cosa, como los grupos de mayores dicen como hacer su ciudad.

**SR. CARMEN PAREDES:** en esa línea están trabajando.

**Sr. ALCALDE:** agradece la iniciativa.

**O Sr. Alcalde somete a votación a presente Moción, resultando aprobada por unanimidad.**

Polo caí, o Pleno do Concello, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Solicitar a adhesión á Rede Mundial de Cidades e Comunidades Amigables das persoas maiores a través do IMSERSO.

2º.- Iniciar o proceso de desenvolvemento das fases do proxecto tal como se especifica no proceso para participar no mesmo.

## **9.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL PSOE RELATIVA AO APARCAMENTO NA SUPERFICIE DO PORTO DE BAIONA.-**

O Sr. Alcalde cede a palabra ao concelleiro **D. CARLOS GÓMEZ, PSOE,** quen da lectura a seguinte **MOCIÓN:**

<< Nos derradeiros días distintos medios de comunicación informaron sobre a inmediata construción dunha rotonda no porto pesqueiro, o que conleva a supresión de cincuenta prazas de aparcadoiro en superficie.

Tendo en conta que a dificultade para aparcar é un ha das preocupacrons máis importante tanto dos veciños e veciñas de

Baiona como dos visitantes.

Creemos necesario recuperar estes aparcadoiros. Isto sería posible si se permite no porto o aparcamento libre fora das horas de máxima actividade portuaria (tardes e fins de semana), como se viña facendo ata fai pouco tempo. Temos coñecemento de que así se está a facer en numerosos portos da provincia de Pontevedra e de Galicia. Isto, que suporía custo cero para as arcas públicas, repercutiría positivamente na calidade de vida da cidadanía e na afluencia de visitantes. O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO  
Se inste a Portos de Galicia para que se permita o aparcamento na superficie portuario a partir das 20 horas en días laborables, así como durante toda a xornada nas fins de semana e nos festivos. >>

**SRA. IGLESIAS, PP.-** Respecto a esta moción falta falar co colectivo do mar con quen falou o seu grupo e manifestaron a súa oposición á moción presentada. Ademais entenden que o PSOE quere reabrir vellas feridas. No tocante a execución das obras da rotonda o equipo de goberno buscou alternativas mediante o aparcamento en batería na avenida Monterreal. A facilidade para o aparcamento é moi importante tanto para os nosos veciños como para a xente que nos visita, pero creo que instar a Portos de Galicia non ten sentido ningún porque a competencia e a decisión é da Cofradía de Pescadores, non de Portos de Galicia; e o sector do mar está totalmente en contra de iso, e incluso me comentaban que o PSOE, neste caso, propoñendo este horario para aparcarse non ten coñecemento en absoluto do horario de traballo da xente do mar, porque hai moitísima xente que vai ó mar ás 8, 9, 10 ou 11 da noite. Non hai capacidade na lonxa para toda esa xente; teñen que aparcarse en rampas e zonas amarelas. Tamén decían que isto é totalmente inviable; que non podía ser como ocurría anteriormente cando ían ó mar un día de pleno traballo e tiñan que estar chamando á grúa, con conflitos, porque a policía non ten competencia no porto. A solución non é enfrentar a dous bandos senón buscar outras alternativas.

**SR. IAGO PEREIRA:** Habería que consensuar entre todos, hai posturas distintas e consensuar. Se non inflúe a actividade pesqueira sería unha oportunidade. Manifesta a abstención do seu grupo na votación.

**SR. SILVANO MONTES:** hai que buscar un consenso.

**SR. CARLOS GOMEZ:** que vaia por diante que respectan ao colectivo do mar. É un tema de actitude.

**SRA. MARIA IGLESIAS:** son cousas distintas, unha é un tema legal e outra a reorganización. Desposi de falar co cabildos e mariscadores e tamén falouse co ACEBA que non estaban de acordo co primeiro plano.

**SR. IAGO PEREIRA: abstención**

**SR. SILVANO MONTES: abstención**

**SR. ALCALDE.-** Decir que el punto primero fue durísimo ; y se estudió y se trabajó muchísimo ese punto; fue muy duro para mí y para la concejala que fue la portavoz, y tuvimos que tomar una decisión. Yo llevo un año como Alcalde y una de las cosas que dije que queríamos era abrir Baiona al mar, y para nosotros ésta es una de las apuestas de abrir Baiona al mar.

**O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: catro votos a favor (PSOE) catro abstencions (2,PSOE; 2, EU-SON) e oito votos en contra (PP).**

**E por isto que o Pleno rexeita a moción.**

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**- ROGOS DO PSG-PSOE.- SR.GÓMEZ.-**

**1.- Nos últimos meses detectouse un aumento considerable de ratas en Baiona e Rogamos se inicie urxentemente unha campaña de desratización, si é que non se comenzou.**

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Comentar que dende o Concello se realizan dúas campañas de desratización ao ano; a última se fixo entre o 8 e o 11 de xullo no casco vello e tódalas rúas aledañas, ata Santísima Trindade. Agora en xaneiro volveríanos a tocar porque estamos facendoo cada 6 meses.

**2.- Este ROGO é duns cantos veciños, entendemos que debíamos facélo para evitar que**



**nun futuro próximo ou lexano pois ocorra unha desgraza.**

**Dada a proliferación, que máis que proliferación son accidentes causais, de coches que se precipitan ó río Miñor dende a ponte da Ramallosa ROGAMOS que se estudie a posibilidade de instalar unha valla protectora ou guardaraíl en dita ponte.**

**SR.ALCALDE.-** Yo creo que hay un quitamiedos, aunque son muy peligrosos; es cierto que la acera tiene casi 35 cm. Yo creo que tenemos que estudiar el tema porque a lo mejor la solución es en el peralte, en el suelo.

A lo mejor tenemos que hablar con la Xunta por el tema de la curva; aunque es cierto que en los 2 últimos casos de accidentes se dieron una serie de circunstancias como fue que la carretera estaba mojada.

**SR.GOMEZ, PSOE.-** Nos falamos dun guardaraíl porque nas duas ocasións que nos acordamos non pasaba ningún viandante por alí; é decir, non é soamente pensar no conductor do coche, senón que nun momento dado poida pasar algún viandante. Por iso falamos do tema do guardaraíl.

---

**3.-** Alguns empresarios de Baiona nos piden que exixamos que no punto de recollida de vidro na zona do muelle, onde hai un mecanismo de gancho para axudar a volcar o vidro no contenedor, neste caso parece ser que está roto, e piden que instamos á empresa de reciclaxe que o poña a funcionar.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Con respecto a estes contenedores non é que esté roto; é que non teñen o sistema Vacri; o que ocorríu é que cando foi a Volta Ciclista ECOVIDRIO nos regalou 5 contenedores a maiores do contrato, e como miramos que os que peores condicións tiñan eran os do muelle, se eliminaron. Pero eses contenedores novos non traían ese sistema. Decidimos non porllos porque como a maioría non funcionan, é un sistema moi delicado que a pouco que lle toques, de feito si revisas todos a maioría non funcionan. Non obstante, si o pide a hostelería, pois mandaranse pór sin problema ningún.

---

**4.-** Despois do desastre na actuación por parte do GES no incendio ocorrido a semana pasada no Concello de Nigrán gustaríanos saber, ou que nos explique o Sr.Alcalde, o porqué de dita actuación, non porque non se actuara ben, e grazas a Deus non había ningún veciño no edificio, e neste caso somos conscientes e o sabemos a ciencia certa, senón que apareceu soamente un bombeiro.

**SR.ALCALDE.-** En ese turno, en esa actuación, es cierto que había una persona sola; por suerte fue a las 11 de la mañana de un lúnes; y nosotros lo que queremos es un parque de bomberos porque realmente el GES hace una gran función pero realmente no son bomberos en sí; aunque hacen una gran labor. La mayoría de las veces, como ocurrió en algunos incendios sobre todo en la zona de Baredo, vinieron ellos pero obviamente tuvieron que pedir refuerzos. Con eso no justifico que si hay una persona de baja en ese momento solo pudiera ir uno. Como Alcalde de Baiona lucharé porque en el Val Miñor tengamos un parque de bomberos como tiene que ser.

---

**5.-** O grupo municipal socialista, solicita ó Sr. Alcalde un cambio de actitude pola sua parte e á do seu grupo de goberno ata ó resto da corporación. O motivo, a maneira de proceder nos actos correspondentes ó 50 Aniversario do Parador e Día do Pilar, ó igual que a ordenanza de regularización de terrazas privadas, etc,etc,etc.

**Vostede dixo que para facer cousas hai que ter maioría absoluta e a verdade é que o meu entender é un pensamento antidemocrático. Eu penso que aínda que ún o pense ten que evitar ese tipo de exposicións públicas porque a clase política xa está como**

**está e aínda vaise a ver moito máis perxudicada.**

**SR.ALCALDE.-** Yo no dije eso; lo que dije es que tenemos la suerte en mi equipo de tener mayoría absoluta. Yo lo que dije es que si aun por encima de tener la mayoría, no hacemos nada por nuestros vecinos, seremos negligentes.

En su grupo no tienen ni idea de lo del 50 aniversario del Parador, no tienen ni idea del Día de Pilar; es más, creo que ellos no estaban ni invitados al tema del Parador. Fue con el Sr.Lores con el que hablé. Estos actos no eran nuestros; a mí me invitaron al evento del Parador; y yo no sé si invitaron a otro concejal del equipo de gobierno.

---

### **ROGOS.- SR.MARCOTE.-**

Ante todo quero xustificar miña ausencia no anterior Pleno, xa que por motivos laborais me resultou totalmente imposible conciliar os horarios; quixera agradecer á Corporación todos os intentos que se fixeron por poder adecuar o horario aínda que non pudo ser e entendo que de forma razonada. Non por iso vou a perder a ocasión de convidar a que todos reflexionemos sobre a inoportunidade do horario de celebración dos Plenos.

**1.- Solicitamos unha vez máis que se convoque unha xuntanza entre tódolos grupos co fin de constituir unha Comisión de participación veciñal onde se orixine unha regulación que defina expresamente o funcionamento plenario, a interlocución coa veciñanza, e o incremento do vencello entre veciños e veciñas coas decisións que afectan ó ámbito municipal; algo que precisamente neste Pleno víu de comprobarse que é moi necesario.**

**2.- Solicitamos que o Concello colabore no que sexa necesario para que o Cementerio civil de Sabarís se manteña en boas condicións.**

**3.- Solicitamos do Concello que solicite a adscrición ó plan REVITALIZA para o compostaxe posto en marcha pola Deputación de Pontevedra.**

**4.- Rogamos que se realicen os trámites oportunos para que a web do Concello de Baiona migre ó "dominio punto GAL", reiterando que é un rogo que xa habíamos feito con anterioridade.**

**5.- Rogamos que o Concello de Baiona adopte as medidas oportunas para que todos os parques infantís do noso Concello reúnan as condicións mínimas de mantemento e seguridade, algo que facemos tamén extensivo a todos os monumentos que así o necesiten.**

---

### **ROGOS EU-SON.-**

#### **SR.MONTES, EU-SON.-**

**Que se tomen medidas de seguridade en el camino que baja desde la Guardia Civil.**

**En cuanto a lo que comentado por el Alcalde sobre el acto de Aniversario del Parador se hace constar que fueron 5 concejales del equipo de gobierno.**

### **PREGUNTAS DO PSOE.-**

**1.- Ya hace más de un año el Grupo Municipal Socialista, a través de una moción en pleno ordinario solicitó el llamado Tes+Bus a la Xunta de Galicia, por lo tanto, preguntamos por segunda vez en pleno,**

- sabe algo al respecto el grupo de gobierno?,
- se realizaron las gestiones pertinentes?
- sabe si la Xunta ha hecho su trabajo?

**SR.ALCALDE.-** Se realizaron las gestiones oportunas pero no hay contestación formal de momento.

**2.- Igual ha pasado con la solicitud enviada a Augas de Galicia solicitando la limpieza del río de Baiña,**

- sabemos algo?,
- se han hecho las gestiones pertinentes?

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Se solicitó la limpieza en los ríos y en el día de ayer AGUAS DE GALICIA comunicó que empezarían hoy. Efectivamente hoy estaban limpiando el río Groba.

**3.- Estaríamos encantados de saber el motivo por el que se decidió instalar el Sábado día 15 de Julio ( día de la Virgen del Carmen) con fiestas en Baiona, las señales de la Calle de Elduayen, que regulan el horario de aparcamiento en dicha zona, cuando las señales instaladas llevaban en el almacén de Vías y Obras del Concello +- 20 días.**

**SR.ALCALDE.-** Se dieron las ordenes oportunas para su colocación a petición del gremio de la hostelería, pero no se indicó el día concreto. Si se realizó ese día fue debido a la organización de los trabajos por parte del servicio de Vías y Obras.

**PREGUNTAS.- SR. IAGO PEREIRA, BNG.-:**

**1.- ¿ O horario de recollida de lixo é sobre as 10:00 horas na rúa Elduayen? Pódese cambiar?**

A Concelleira María Iglesias responde que non.

**2.- ¿Estase dando información sobre o cambio de hospital?**

O Alcalde contesta que non.

**3.- ¿Está xa instaurado o idioma galego na Casa Museo da Navegación”**

A Concelleira María Iglesias dí que está nel.

**SR. SILVANO MONTES, EU-SON.-**

**1.- ¿Cómo va a RPT?**

O Sr. Alcalde dí que está moi avanzado e cando estea rematado serán os primeiros en sabelo.

**2.- ¿ Que criterio utilízase nas reunións respecto a obra de Cidade de Vigo?**

O Sr. Alcalde dí que hai un seguimento da obra e que sobretodo aos que afecta é aos comerciantes.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as tres e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.




